

A ECONOMÍA GALEGA
NO ANO 2014

1

1.1 CONTORNOS INTERNACIONAL E ESTATAL.

1.1.1. Contorno internacional. A suba da desigualdade persoal

No primeiro capítulo analizaremos a andaina económica galega no ano 2014 e situarémolo dentro dun período de tempo máis longo nos contornos estatal e da Unión Europea. Neste epígrafe concreto, achegarémonos ao crecemento económico nos ámbitos estatal e internacional, para coñecer o marco xeral no que situar o decorrer económico de Galicia.

A *sacralización* da loita contra o déficit público no seo da UE atrancou neste ámbito territorial un posible proceso de política fiscal expansiva (perceptible nos Estados Unidos) e as medidas restritivas aplicadas desde entón (suba de impostos e diminución do gasto público) non axudaron á recuperación da actividade económica.

Pola súa banda, as políticas monetarias dos Bancos Centrais das economías máis desenvolvidas seguiron a ser moi expansivas, cunhas taxas de interese oficiais que se manteñen en niveis historicamente mínimos.

No ano 2014 a economía mundial no seu conxunto rexistrou un crecemento do PIB que aproveitou o “vento de cola” da expansión cuantitativa do diñeiro en circulación e da forte caída internacional do prezo do petróleo no segundo semestre. Nos Estados da Unión Económica e Monetaria, o crecemento económico veuse favorecido tamén pola depreciación do euro, que fixo a súa achega á suba das exportacións e á substitución de importacións por produtos da Eurozona.

No cadro 1.1 presentamos os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de paro dos EE.UU e a UEM para o período 2007-2014.

Cadro 1.1

Economía internacional: %de variación do PIB, IPC e taxa de desemprego.
EE.UU. e UEM. 2007 - 2014

Período	PIB (1)		Prezos de consumo		Taxa de desemprego (2)	
	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM	EE.UU.	UEM
2007	1,9	3,0	2,9	2,1	4,6	7,6
2008	-0,3	0,3	3,8	3,3	5,8	7,7
2009	-2,9	-4,4	-0,4	0,3	9,3	9,6
2010	2,4	1,9	1,6	1,6	9,6	10,1
2011	1,8	1,5	2,7	2,7	9,0	10,2
2012	2,8	-0,6	2,5	2,5	8,1	11,4
2013	1,9	-0,4	1,5	1,3	7,4	12,0
2014	2,1	0,9	1,6	0,4	6,2	11,6

(1) PIB constante e corrixido de estacionalidade e calendario

(2) Corrixida de estacionalidade

Fonte: Xunta de Galicia, (Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega) e OCDE

Despois da intensa caída do PIB na “gran recesión” de 2009 (- 4,4% na UEM e – 2,9% en EE.UU) e dun bienio de lixeiro crecemento económico (2010-2011), a UEM rexistrou en 2012-2013 de novo un período

de recesión, aunque moito menos intensa que no ano 2009. Estados Unidos, pola contra, acadou en 2014 por cuarto ano consecutivo unha suba do PIB ao redor do 2%.

En 2014 a Unión Económica e Monetaria recuperou o crecemento económico (despois dun bienio de diminución) aunque foi lixeiro (0,9%) e non chegou á metade do acadado polos Estados Unidos de América (2,1%), que subiu o PIB por quinto ano consecutivo. A Eurozona recuperouse no cuarto trimestre, despois do escenario de fragilidade que reflectiu na parte central do ano.

No tocante á variación porcentual do índice de prezos de consumo, en EE.UU. mantívose en 2014 no nivel do ano anterior mentres que na UEM practicamente se reduciu á terceira parte de 2013; a inflación foi, pois, moito menor (a cuarta parte) en 2014 na UEM que en EE.UU.

A taxa de desemprego baixou en 2014 por cuarto ano consecutivo en EE.UU., mentres que, despois de seis anos de suba ininterrompida, diminuíu lixeiramente (catro décimas) na UEM; se na gran recesión de 2009 estaban parellas as dúas taxas de paro, o diferencial a prol de EE.UU. agrandouse ano tras ano, ata quedar en 2014 en 5,4 puntos.

No conxunto da Unión Europea (UE-28), en 2014 a taxa de desemprego foi dun 10,3% (1,3 puntos por baixo da Eurozona); ese ano, había na UE máis de 24 millóns de persoas desempregadas (24.120.600).

A Organización Internacional do Traballo (OIT), no informe “Perspectivas sociais e do emprego no mundo” salientou a suba da precariedade laboral desde 2008, non só nos países emerxentes senón tamén nos máis desenvolvidos (como os Estados que forman a UE). Na súa análise da situación do emprego en 90 Estados, denunciou que máis da metade dos asalariados (un 56%) non teñen un emprego indefinido a tempo completo e que están a subir con intensidade os contratos temporais e os que se asinan para o traballo a tempo parcial.

Resulta especialmente preocupante, que ademais das grande desigualdade estrutural a nivel internacional entre o centro (Estados máis desenvolvidos) e a periferia (Estados máis empobrecidos), que segue a facer unha achega importante á emigración de persoas do “Terceiro Mundo” cara ao “paraíso” dos Estados máis enriquecidos, a desigualdade acadou en 2014 máximos históricos no conxunto da OCDE.

Así o certifica o Informe da OCDE: *Juntos en ello. Por qué una menor desigualdad nos beneficia a todos*. Nel sobrancea que a desigualdade persoal nos Estados desta organización internacional subiu con moita forza no período 2007 – 2011, xa que os ingresos dos máis pobres diminuíron un 13% ao ano nese cuadrienio, mentres que os do 10% máis rica da poboación só baixaron a un ritmo nove veces menor (un 1.4% ao ano) nese tempo de fonda crise económica.

Un dato chamativo: O 10% da poboación máis enriquecida da OCDE acumula un 50% da riqueza, mentres o 60% de poboación máis empobrecida só ten un 13% da riqueza.

Outro dato: o 10% dos máis ricos da OCDE ganan case dez veces máis (9,6) que o 10% dos máis pobres; tres décadas atrás, era sete veces máis.

Algunhas das causas que sinala a OCDE desta suba da desigualdade son: o fraude fiscal, a elusión fiscal, a suba do desemprego, os recortes en servizos sociais, ensino e sanidade, a diminución salarial e a precarización laboral (crecemento dos contratos temporais, excesiva rotación laboral...).

1.1.2. Contorno estatal.

Referirémonos neste epígrafe ao marco estatal e máis ao da UE, nos que se desenvolve a nosa actividade socioeconómica, así como á evolución do PIB e do PIB por habitante nas distintas comunidades autónomas.

España estivo no período 2001-2007 á cabeza do crecemento económico da UE (e mesmo da OCDE), en 2008 nun nivel parello e desde 2009 cambiou radicalmente a situación, de xeito que no cuadrienio 2010 - 2013 a evolución do PIB foi sempre peor que no conxunto da UE e semellante en 2014, como vemos no cadro 1.2.


Cadro 1.2

Crecemento do PIB⁽¹⁾.
Galicia, España e UE. 2005-2014

	Galicia	España	UE
2005	3,3	3,6	1,7
2006	4,1	4,0	2,9
2007	4,0	3,6	2,9
2008	1,8	1,1	0,9
2009	-3,4	-3,6	-4,2
2010	0,5	0,0	1,8
2011	-0,5	-0,6	1,7
2012	-2,0	-2,1	-0,4
2013	-1,0	-1,2	0,1
2014	0,3	1,4	1,3

(1) En porcentaxe en termos reais.

Fonte: IGE. INE e Eurostat.



A variación do IPC foi negativa en España en 2014 (un -0,4%), dous puntos por baixo da inflación de Estados Unidos e 0,8 décimas menor que na UEM. O risco de deflación é na actualidade unha posibilidade en España, cunha demanda interna que non dá arrancado, lastrada entre outros factores pola gran suba do desemprego e a diminución salarial de boa parte das persoas ocupadas.

No tocante á taxa de desemprego, a media española en 2014 foi do 24,6%, 1,6 puntos porcentuais menos que en 2013, pero máis do dobre que no promedio da UE-28 (10,3%) ou na UEM (11,6%) e case o cuádruplo que en EE.UU (6,2%). España é, con Grecia, o Estado da Unión Europea cunha maior taxa de paro (ou dous no 24-25%) mentres que, no outro extremo, Austria e Alemaña tiveron taxas de paro por debaixo do 5%; Francia e Irlanda, ao redor do 10%.

A visión comparativa do crecemento económico na última década en Galicia, España e a Unión Europea presentámola no cadro 1.2. Nel compróbase que:


- A suba do PIB de Galicia de 2005 a 2009 superou á da UE todos os anos (ou baixou menos, no caso da gran recesión de 2009) e foi o dobre dous anos: 2005 e 2008). No quinquenio 2010 - 2014, en cambio, as variacións do PIB en Galicia (e tamén as de España, agás en 2014) quedaron moi por baixo do crecemento económico da UE.
- A comparanza da evolución do PIB de Galicia e o total español reflicte que foi mellor na nosa comunidade en oito anos consecutivos (2006-2013), pero peor en 2005 e moito peor en 2014.

Ademais da evolución do PIB en Galicia, España ou a UE, é importante estudar a evolución deste indicador macroeconómico nas diversas nacionalidades e rexións do noso Estado, para situar a Galicia na posición que lle corresponda no decorrer económico autonómico. Farémolo cos datos do INE, que fai a súa estimación anual do crecemento económico das comunidades autónomas na *Contabilidad Regional*; o cadro 1.3 presenta os datos de 2014; sobrancearemos o seguinte:

Cadro 1.3

Porcentaxe de crecemento ⁽¹⁾ do PIB. Por CC.AA. 2014

	2014
Andalucía	1,3
Aragón	1,7
Asturias	0,8
Baleares	1,9
Canarias	2,2
Cantabria	1
Castela A Mancha	1,2
Castela e León	1,4
Cataluña	1,4
C. Valenciana	2,1
Extremadura	2,2
Galicia	0,5
Madrid	1
Murcia	2
Navarra	2
País Vasco	1,2
Rioxa (A)	2,5
Ceuta	0,6
Melilla	0,8
España	1,4



(1) En termos reais
Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."

- Galicia foi a comunidade autónoma cun menor crecemento económico (0,5%), seguida das cidades autónomas (0,6% en Ceuta e 0,8% en Melilla) e a comunidade de Asturias (0,8%); ningunha outra comunidade tivo suba do PIB inferior ao 1%.
- No outro extremo, A Rioxa (2,5%), Extremadura e Canarias (as dúas cun 2,2%) e a comunidade valenciana (2,1%) rexistraron ao maior crecemento económico.
- A variación do PIB galego en 2014 quedou moi por baixo (foi a terceira parte) da suba media española (1,4%).

Sen dúbidas, o crecemento económico dun ano concreto non é o fundamental para conseguir o achegamento ás sociedades cun nivel de desenvolvemento maior; o importante é o esforzo continuado nun prazo longo para ir acurtando ese diferenza, polo que debemos complementar os datos do cadro 1.3 cos do cadro 1.2; esa visión dinámica constata que o valor da actividade produtiva galega tivo un comportamento negativo e moi semellante ao promedio estatal no trienio 2011-2013 e lixeiramente positivo pero moito menos que a media española en 2014.

Achegarémonos agora a outro indicador macroeconómico moi usado na medición do crecemento económico dunha sociedade: o PIB por habitante. Non debe esquecerse ao analizar os datos que o menor dinamismo demográfico da sociedade galega respecto do promedio español está influír desde hai décadas a prol da suba relativa do noso PIB *per capita*; é a chamada *converxencia pasiva*, unha das vías de aproximación no camiño da converxencia de Galicia co PIB por habitante medio do Estado.

Os datos do cadro 1.4 reflicten que en 2014:

Cadro 1.4

PIB por habitante en euros.

Informe da situación económica de Galicia. 2014

	2013	2014
Andalucía	16.666	16.884
Aragón	24.732	24.957
Asturias	20.591	20.334
Baleares	23.446	23.931
Canarias	18.873	19.581
Cantabria	21.550	20.855
Castela A Mancha	17.780	18.307
Castela e León	21.879	21.727
Cataluña	26.666	26.996
C. Valenciana	19.502	20.073
Extremadura	15.026	15.752
Galicia	20.399	19.954
Madrid	28.915	31.004
Murcia	17.901	18.529
Navarra	28.358	28.124
País Vasco	29.959	29.683
Rioxa (A)	25.277	24.998
Ceuta	18.771	18.550
Melilla	16.426	16.941
España	22.279	22.780

(1) En termos reais

Fonte: INE. "Contabilidade Rexional de España."

36,1% á media española e o País Vasco, nun 30,3%; no outro extremo, Extremadura, un 30,9% por baixo e Andalucía, un 25,9%.

- Extremadura e Andalucía rexistraron o PIB por habitante máis baixo, mentres que Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña foron, por esta orde, as de maior PIB *per capita*.
- A media estatal foi de 22.780 euros; sete comunidades están por riba en 2014 e dez por baixo (entre elas Galicia) e máis as dúas cidades autónomas.

A posición relativa en PIB *per capita* de cada comunidade (e cidade) autónoma recollida no cadro 1,5 reflicte que no último ano:

- Galicia quedou un 12,4% por baixo do promedio estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun

Cadro 1.5

PIB per cápita. Por CC.AA. 2014

	%
Andalucía	-25,90
Aragón	9,60
Asturias	-10,70
Baleares	5,10
Canarias	-14,00
Cantabria	-8,50
Castela A Mancha	-19,60
Castela e León	-4,60
Cataluña	18,50
C. Valenciana	-11,90
Extremadura	-30,90
Galicia	-12,40
Madrid	36,10
Murcia	-18,70
Navarra	23,50
País Vasco	30,30
Rioxa (A)	9,70

(1) PIB por habitante medio de España=100

Fonte: INE. "Contabilidad Regional de España."

A visión estática do cadro 1.5 complementámola coa ollada dinámica do cadro 1.6, que recolle a evolución do PIB por habitante en Galicia e en España nos últimos sete anos, así como o valor cada ano da porcentaxe de Galicia sobre a media estatal.

Compróbase que:

- O PIB por habitante de Galicia quedou en 2014 por baixo do de calquera dos seis anos anteriores, mentres que o estatal estabilizouse no último trienio.
- Galicia recortou en tres puntos porcentuais a diferenza coa media estatal no quinquenio 2008-2013, pero a forte caída de 2014 (catro puntos porcentuais) fixo que quedase coa peor porcentaxe do período estudado, un punto por baixo que en 2008.

Cadro 1.6

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2014

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	21.226	20.490	20.574	20.249	19.784	19.893	19.954
España	24.274	23.271	23.214	23.005	22.562	22.518	22.780
% Galicia/España	87,4	88,0	88,6	88,0	87,6	88,3	87,5

Datos de 2014: Estimación

Datos de 2013: Avance

Datos de 2008 a 2012: Provisionais

Fonte: INE, Contabilidade Rexional de España

A avaliación da dinámica da renda por habitante en Galicia e en España en comparanza coa media da UE reflicte o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais; podemos facela ao fío do cadro 1.7 para o período 2000-2013:

Comprobamos que:

- Galicia, que pechou o século XX cunha renda *per capita* do 75% da UE, avanzou ininterrompidamente ata 2009 (92,3%), baixou no trienio seguinte e repetiu dato en 2013.

- Pola súa parte, partindo dun 96,9% no ano 2000, España subiu sempre no sexenio 2001 - 2006 (chegou ao máximo en 2006, cun 104,6%), tivo un continuo devalar de 2007 a 2012 e estabilizouse en 2013.

Cadro 1.7

Evolución da renda por habitante. Galicia, España, U.E. 2000-2013

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	75,0	76,2	79,3	80,5	82,5	84,8	88,7	90,5	91,3	92,3	89,5	87,0	83,0	83,0
España	96,9	98,0	100,5	100,5	100,9	101,8	104,6	104,4	103,2	103,0	98,8	96,4	94,0	94,0

Fonte: Eurostat (datos UE 27=100 ata 2011 e UE 28= 100 despois)

- A comparanza Galicia-España reflicte un importante proceso de recorte do diferencial na primeira década do século XX (período no que a vantaxe estatal baixou de 21,9 puntos porcentuais en

2000 a 9,3 en 2010), a ampliación no bienio 2011-2012 e a estabilización nos 11 puntos porcentuais de diferencial en 2013.

Os datos do ano 2013 son os últimos que fixo públicos para os 28 Estados da Unión Europea a súa axencia estatística (Eurostat), en maio de 2015. Nese informe, atribúe a Galicia unha renda por habitante de 22.100 euros en 2013 (eran 22.000 no ano anterior), un 88,4% do promedio español (25.000 euros).

Só seis comunidades autónomas do Estado español seguían en 2013 por riba da media da UE-28 en renda por habitante: Madrid (128%), País Vasco (122%), Navarra (116%), Cataluña (111%), Aragón (103%) e A Rioxa (102%). Pode verse que a posición relativa de Galicia ocupa un lugar secundario por renda *per capita* no ano 2013 entre as rexións da Unión Europea, nunha clasificación que encabezan Londres, Luxemburgo e Bruxelas (as tres por riba do dobre da media da UE-28).

1.2 CRECEMENTO ECONÓMICO GALEGO

Neste epígrafe afondaremos no estudo do PIB de Galicia no último sexenio mediante a análise desde as perspectivas da demanda e máis da oferta, con desagregación das súas compoñentes.

1.2.1 A perspectiva da demanda.

A análise desde a *perspectiva de demanda* da variación dos compoñentes do PIB de Galicia de 2009 a 2014 facémola cos datos proporcionados polo IGE nas “Contas Económicas Trimestrais”, que recollemos no cadro 1.8. A desagregación do PIB desde o punto de vista do gasto constata:

Cadro 1.8

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2009-2014

Período	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna
		Total	Fogares e ISLSF	AA. PP.		
2009	-3,4	-0,4	-1,7	3,4	-22,2	-6,2
2010	0,5	-1,1	-1,5	0,2	-7,2	-2,4
2011	-0,5	-1,6	-1,7	-1,1	-18,2	-5,1
2012	-2,0	-2,3	-3,5	1,0	-5,0	-2,8
2013	-1,0	-2,0	-2,3	-1,1	-2,7	-2,1
2014	0,3	0,5	0,2	1,4	-0,1	0,4

Datos en porcentaxe de variación interanual. Os de 2014 son dos 3 primeiros trimestres

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (cos datos do IGE: *Contabilidade trimestral*)

- O PIB medrou en Galicia en 2014, pero fíxoo moi lixeiramente: un 0,3%, segundo os datos do IGE á data de peche deste Informe (que recolle só os tres primeiros trimestres), a un ritmo que foi a cuarta parte do crecemento económico medio estatal.

- A achega positiva en 2014, aunque pouco intensa, da *demanda interna* (0,4%) á suba do PIB galego, a diferenza da achega negativa todos os anos de 2009 a 2013.

- Se analizamos os distintos compoñentes desta demanda interna galega, o máis importante cuantitativamente (o dos fogares) tivo en 2014 unha suba moi pequena (0,2%) pero que supuxo rachar coa traxectoria negativa ininterrompida do quinquenio anterior.

Esta diminución da *demanda dos fogares* é debida a que están a ser moi castigados pola redución da renda que perciben debido á varios factores, como a destrución do emprego e as baixadas salariais, tanto a moitas persoas de en empresas privadas como ao persoal do sector público, que tivo que soportar –como está a ocorrer tamén en 2015- unha diminución do importe das pagas extraordinaria, un "axuste" que non se deu noutras comunidades autónomas.

Subiu en 2014 un 1,4% en Galicia o gasto en *consumo final das Administracións públicas*, dato que contrasta coa caída do ano anterior (-1,1%) e que converteu ás AA.PP. no compoñente da demanda máis dinámico para a xeración do PIB galego nese ano.

A *formación bruta de capital*, practicamente estabilizada en 2014 (negativa, pero só nun 0,1%) rexistrou en 2014 o mellor dato desde a *gran recesión* de 2009 .

A *demanda exterior neta*, pola súa banda, tivo en 2014 un comportamento lixeiramente negativo: as exportacións de bens e servizos subiron só un 1,3% (fronte ao 11,6% de 2013, que foi a maior suba porcentual do quinquenio 2009-2013) e as importacións subiron un 1,4% (un 9% en 2013).

Para as persoas que desexen unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da demanda do PIB en Galicia en 2014, presentamos a desagregación trimestral no cadro 1.9 para os tres trimestres dos que tiñamos datos no momento de elaboración deste Informe Sociolaboral.

Cadro 1.9

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2014

Trimestre	PIB	Gasto en consumo final			Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportación de bens e servizos	Importación de bens e servizos
		Total	Fogares e SFLSF	AA. PP.				
1T	0,2	0,3	-0,1	1,3	-0,4	0,2	5,7	5,4
2T	0,5	0,4	0,2	0,9	-0,1	0,3	0,4	0,1
3T	0,4	0,9	0,5	1,8	0,2	0,8	-1,7	-1,0
4T	-	-	-	-	-	-	-	-

Datos en porcentaxe de variación interanual. Os de 2014 son dos 3 primeiros trimestres.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (cos datos do IGE: *Contabilidade trimestral*)

1.2.2. A perspectiva da oferta.

No tocante á evolución desde a *perspectiva da oferta* do PIB de Galicia no último sexenio, ao fío do cadro 1.10 sobrancearemos que:

- En 2014 a diminución da xeración de valor engadido máis intensa produciuse, por quinto ano consecutivo, na construción (-3,2%), seguido da industria (-2,7%).

-O comportamento máis expansivo en 2014 foi o dos servizos (1,8%), que deu unha reviravolta despois do mal dato do ano anterior.

- A visión dinámica reflicte que a construción tivo en 2014 a menor caída porcentual do sexenio analizado, mentres que os sectores primario e servizos rexistraron unha suba maior no ano 2010 (o primario tamén en 2011) e, a industria, en 2010 e máis no bienio 2012-2013.

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2009-2014

Período	PIB	Sector primario	Sectores non primarios	Industria	Construción	Servizos
2009	-3,4	-4,4	-3,3	-10,6	-4,9	-0,9
2010	0,5	3,2	0,3	0,6	-8,5	2,2
2011	-0,5	4,0	-1,1	-2,8	-6,7	0,4
2012	-2,0	-1,3	-2,4	-2,2	-6,1	-1,7
2013	-1,0	-0,6	-1,1	1,9	-4,3	-1,4
2014	0,3	0,5	0,3	-2,7	-3,2	1,8

Taxas de variación interanual en %. As de 2014 son dos 3 primeiros trimestres.

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega

Para as persoas que desexen unha análise temporal máis polo miúdo dos compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2014, presentamos no cadro 1.11 a desagregación para os tres trimestres dos que tiñamos datos no momento da elaboración deste Informe.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2014

Período	PIB	Sector primario	Sectores non primarios	Industria	Construción	Servizos
1T	0,2	1,0	0,1	-2,7	-3,4	1,7
2T	0,5	0,1	0,5	-2,3	-3,5	1,8
3T	0,4	0,4	0,5	-3,1	-2,9	1,9
4T	-	-	-	-	-	-

Taxas de variación interanual en % do valor engadido bruto, por ramas de actividade

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, Observatorio da economía galega

1.3 VARIACIÓNS DO PIB E DO EMPREGO: A PRODUTIVIDADE.

O crecemento económico non é un fin en si mesmo; a súa finalidade é darlle pulo a unha sociedade de maior benestar, e nesa andaina a creación de máis e mellor emprego para a súa poboación é un paso irrenunciable.

Achegarémonos primeiro á evolución nos últimos anos do emprego en Galicia de forma xeral, porque no capítulo 4 deste Informe estudarémolo máis polo miúdo (a tempo parcial/completo, indefinido/temporal e privado/público); remitimos alí ás persoas interesadas en afondar na análise da poboación ocupada na nosa comunidade.

Faremos despois unha referencia á produtividade do traballo e a súa importancia para mellorar a competitividade dunha sociedade.

Por último, centrarémonos na preocupante situación que están a vivir boa parte das explotacións gandeiras galegas de vacún especializadas na produción láctea, debido á forte diminución do prezo ao que lle pagan o leite (que xa non cubre o custo, en moitas ocasións), precisamente ás portas da supresión en 2015 das cotas lácteas.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

Faremos un balance da evolución do mercado laboral galego nos últimos anos desde una dobre verquente: cos datos da EPA e máis cos das Contas Económicas de Galicia.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

Os datos do Informe da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia: *Observatorio da economía galega* permítennos o estudo da evolución de varios indicadores do mercado de traballo en Galicia desde o comezo da crise, cos datos obtidos nas Enquisas de Poboación Activa.

No cadro 1.12 recollemos a evolución de sete variables laborais, que nos permiten avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia desde 2008: poboación activa, ocupada, asalariada e desempregada; taxas de actividade, emprego e paro.

Salientaremos que:

Cadro 1.12

Balance do mercado de traballo. Galicia. 2008-2014

Período	Poboación activa	Poboación ocupada	Pob. asalariada	Pob. desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
2008	1.314,8	1.201,2	972,2	113,6	54,8	50,0	8,6
2009	1.319,5	1.155,4	898,0	164,1	54,8	48,0	12,6
2010	1.314,4	1.104,5	865,4	199,9	54,2	45,9	15,4
2011	1.316,5	1.089,3	852,3	227,2	54,8	45,3	17,4
2012	1.317,7	1.047,2	810,1	278,5	55,0	43,7	20,5
2013	1.290,9	1.006,4	775,3	284,6	54,2	42,2	22,0
2014	1.273,9	998,0	779,5	275,8	53,8	42,1	21,6

Datos en medias anuais

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Facenda, *Observatorio da economía galega* (con datos do INE: EPA)

- A poboación activa, tras unha baixada e tres subas no cuadrienio 2008-2012, e a diminución do bienio 2013-2014, queda nun nivel menor (1.290.900 persoas) que en 2008 (1.314.800).
- No tocante á ocupación, obsérvase con claridade no sexenio 2008-2014 o ininterrompido proceso de caída, que acumulada supuxo a destrución neta de 203.200 empregos. Esta forte diminución da poboación ocupada en Galicia desde 2008 (un 16,9%) é unha das peores pegadas que está a deixar a intensa e xa prolongada crise económica na nosa comunidade.

- No período analizado, a poboación asalariada acadou o valor máis alto en 2008 (ao igual que a poboación ocupada). Desde entón perdéronse 147.700 empregos por conta allea; porcentualmente a diminución (15,9%) foi inferior nun punto á do total da poboación ocupada en Galicia.
- A poboación desempregada galega, que en 2007 estaba no limiar das 100.000 persoas (98.700) pasou a ser de 284.600 en 2013, tralo continuo incremento no último sexenio (con especial intensidade no ano da gran recesión: 2009, cun 44,5%). O crecemento acumulado nese sexenio da poboación parada de Galicia (185.900 persoas, un 188,3%) reflicte cruamente os numerosos dramas humanos agochados tras desta cifra. A diminución do desemprego en 2014 (8.800 persoas) rachou co “período negro” laboral de 2008 a 2013, pero foi pequena, para o moito que queda por facer.
- A taxa de actividade da poboación de 16 ou máis anos está practicamente estancada no conxunto do período 2008-2014 (baixou un punto); a maior caída foi a de 2013 (con oito décimas).
- A taxa de ocupación sufriu unha diminución importante e continuada en Galicia no último sexenio, pero cómpre subliñar que en 2014 tivo o mellor comportamento dese período, pois practicamente estabilizouse (baixou só unha décima). Os 7,9 puntos de caída de 2008 a 2014 resumen inequivocamente a mala evolución deste indicador.
- A taxa de desemprego galega case se triplicou no último septenio: era en 2007 dun 7,6% e pasou a ser en 2014 un 21,6%, tralo continuo e intenso incremento ata 2013 e a diminución de catro décimas en 2014.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das *Contas Económicas* de Galicia

A segunda perspectiva da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farémolo cos datos das *Contas Económicas Trimestrais*, que proporciona o Instituto Galego de Estatística.

Neste caso o estudo da poboación ocupada faise en *postos de traballo equivalentes a tempo completo*, o que permite “afinar máis” no achegamento á variación do emprego neto de Galicia; no cadro 1.13 recollemos os datos do último trienio, por sectores (e polas ramas de máis emprego, no caso dos servizos).

Salientaremos que:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia baixou no bienio 2013 – 2014 en 37.014 persoas (un 3,9%), máis intensamente en 2013 e moi lixeiramente en 2014, ano no que a traxectoria por trimestres foi de ininterrompida suba do emprego neto.
- A análise de tres das ramas de máis empregos do sector servizos en 2013 – 2014 reflicte que en *Comercio, transporte e hostalería* diminuíu o emprego neto os dous anos, na da *Administración Pública* baixou en 2013 pero subiu con máis forza en 2014 e nas *actividades artísticas, recreativas e outros servizos*, a ocupación estabilizouse no bienio.

Emprego*segundo actividade económica. Galicia. 2012-2014

	En medias anuais			Datos trimestrais			
	2012	2013	2014	2014/I	2014/II	2014/III	2014/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	948.928	914.439	911.914	907.457	910.658	914.239	915.301
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	78.065	72.928	65.569	68.561	66.125	65.242	62.347
Industria	145.233	138.374	136.461	136.505	136.532	136.549	136.260
Construción	79.969	71.674	71.000	70.681	71.158	70.881	71.280
Servizos	645.661	631.463	638.884	631.710	636.843	641.567	645.414
-Comercio, transporte e hostalería	255.059	247.912	247.377	246.842	247.428	247.406	247.833
-Información e comunicacións	14.945	14.926	14.828	14.965	14.736	14.769	14.842
-Actividades financeiras e de seguros	17.323	16.523	15.906	16.019	15.949	15.895	15.762
-Actividades profesionais	80.335	79.153	81.030	79.196	80.715	81.699	82.510
-Admon. Pública (sanidade e educación	203.433	198.695	205.221	200.569	203.734	207.202	209.380
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	68.817	68.186	68.214	68.031	68.030	68.187	68.608

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os dos anos 2013 e 2014 son un avance

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2008

- A diminución neta de postos de traballo rexistrouse no último bienio nos catro sectores (e cada ano, agás nos servizos en 2014); a desagregación temporal de 2014 mostra que, partindo dos datos do primeiro trimestre, subiu a poboación ocupada nos outros tres nos servizos, en dous trimestres na construción e na industria e baixou nos tres (con especial intensidade no cuarto) no sector primario.

No cadro 1.14 recolleamos, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, as porcentaxes de variación interanuais. Salientaremos que:

- A diminución da poboación ocupada de Galicia deuse cada ano no último trienio, pero cada vez con menor intensidade; na desagregación por trimestres, compróbase que no segundo semestre de 2014 xa houbo creación neta de emprego.
- Por sectores de actividade económica, o primario foi o único que empeorou o seu comportamento no último bienio (e fíxoo cada un dos anos) mentres que, no outro extremo, a construción recortou de xeito espectacular a destrución de emprego neto, e no cuarto trimestre de 2014 pasou a ter unha evolución positiva. A industria e os servizos tiveron tamén unha mellora ininterrompida no último bienio; no último trimestre de 2014, a primeira estabilizou o emprego e os segundos acadaron unha suba do 2,6% na xeración neta de postos de traballo (con mellora cada trimestre no último ano).

Cadro 1.14

Porcentaxes de variación interanual do emprego*. Por actividade. Galicia. 2012-2014

	Anos			Trimestres			
	2012	2013	2014	2014/I	2014/II	2014/III	2014/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	-5,0	-3,6	-0,3	-1,5	-0,8	0,5	0,6
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	-4,0	-6,6	-10,1	-3,9	-11,4	-10,0	-14,9
Industria	-7,0	-4,7	-1,4	-2,5	-1,8	-1,1	0,0
Construción	-18,1	-10,4	-0,9	-3,2	-0,6	-0,2	0,4
Servizos	-2,8	-2,2	1,2	-0,8	0,7	2,2	2,6
-Comercio, transporte e hostalería	-3,7	-2,8	-0,2	-1,0	-0,1	-0,1	0,4
-Información e comunicacións	1,1	-0,1	-0,7	0,0	-1,2	-0,6	-0,9
-Actividades financeiras e de seguros	-3,1	-4,6	-3,7	-3,9	-4,2	-3,6	-3,3
-Actividades profesionais	0,6	-1,5	2,4	-1,1	2,0	3,4	5,1
-Admon. Pública (saúde e educación)	-3,9	-2,3	3,3	-0,3	2,0	6,0	5,6
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	-1,0	-0,9	0,0	-0,5	-0,5	0,3	0,9

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Os dos anos 2013 e 2014 son un avance

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais. Base 2008

- Nun estudo máis polo miúdo da evolución da poboación ocupada do sector dos servizos, a rama das *actividades financeiras e de seguros* rexistrou cada ano no trienio 2012-2014 a maior porcentaxe de destrución de emprego neto, como ocorreu tamén en cada trimestre do último ano (no último, só esta e outra das seis ramas analizadas dos servizos tiveron unha perda neta de postos de traballo., mentres que, no outro extremo, dúas ramas subiron máis dun 5% a súa poboación ocupada).

A fortísima crise financeira a partir da caída de Lehman Brothers en outubro de 2008 seguiu a eliminar aínda seis anos despois miles de postos de traballo cada ano en España (deles, 1.147 en Galicia no último bienio).

1.3.1.3. A crise das explotacións gandeiras da vacún de orientación leiteira

A notable destrución de emprego neto no último bienio no sector primario e o feito de que fose en 2014 o de maior porcentaxe de caída do emprego (10,1%, mentres que o sector que lle seguiu foi dun 1,4%) lévanos a que dediquemos no Informe deste ano un espazo á evolución decrecente do prezo pagado polo leite de vaca ás explotacións gandeiras de Galicia, porque está a levar ao peche de moitas delas, ao impedirles obter un beneficio da súa actividade ou mesmo acadar o *punto morto* (ou punto de equilibrio entre os ingresos totais e os custos totais).

Ben sabido é que, no sector primario galego, as explotacións lácteas son desde hai moitas décadas unha das nosas principais fortalezas no conxunto do Estado español; por se queda algunha dúbida, no cadro 1.15 recolleemos a distribución por comunidades autónomas da produción de leite de vaca, que reflicte que Galicia encabeza, con gran diferenza, a clasificación (a que a sigue, Castela – León, non chega á terceira parte), cun 39,4% do total español.

Cadro 1.15**Producción de leite*. Por CC.AA. 2013**

	2013
Andalucía	485.204
Aragón	123.411
Asturias	528.736
Baleares	65.409
Canarias	35.241
Cantabria	399.820
Castela A Mancha	206.119
Castela e León	790.365
Cataluña	645.439
C. Valenciana	61.806
Estremadura	27.373
Galicia	2.509.573
Madrid	60.413
Murcia	49.132
Navarra	194.382
País Vasco	168.484
Rioxa (A)	17.224
España	6.368.131

* En miles de litros

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (recollido do INE, Anuario Estadístico de España, 2015)

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións lácteas de Galicia teñen sempre, xa que logo, unha importantísima repercusión na renda total e máis no emprego do noso subsector agro-gandeiro, pola ampla dependencia que teñen as explotacións gandeiras destes ingresos.


No cadro 1,16 presentamos os últimos prezos do litro do leite (decembro 2014) nas distintas comunidades autónomas; sobrancearemos que:

- Galicia foi nese mes, con moita diferenza, a comunidade co prezo máis baixo.
- Nas comunidades que a seguiron no baixo prezo (Cantabria e Aragón) o prezo por litro foi superior á de Galicia en 0,22 e 0´26 euros (un 7% e un 8%) respectivamente.
- O prezo máis alto (Navarra) superou ao de Galicia en decembro de 2014 nada menos que en 0´78 euros (un 24,5%) e a comunidade que a segue (Andalucía), en 0´66 euros (un 22%).

Cadro 1.16

Prezo do leite en decembro 2014. Por CC.AA.

	N (1)	Prezo (2)
Andalucía	589	0,385
Aragón	70	0,345
Asturias	2.188	0,356
Baleares	130	0,355
Cantabria	1.456	0,341
Castela A Mancha	220	0,360
Castela e León	1.452	0,346
Cataluña	604	0,369
Estremadura	78	0,375
Galicia	9.639	0,319
Madrid	54	0,354
Murcia	23	0,349
Navarra	195	0,397
País Vasco	385	0,361
A Rioxa	13	0,381
C. Valenciana	25	0,355



(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo En miles de litros

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Informe de importes aboados

Se en vez da “foto fixa” de decembro de 2014 collemos a evolución no último ano do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que rexistrou en Galicia unha diminución intensa e continua (agás en agosto, que repetiu dato), como reflicte nidiamente a columna “total estratos” do cadro 1.17. Salientaremos ademais ao fío dos datos deste cadro o seguinte:

Cadro 1.17

Prezos do leite, declarados polos compradores. Galicia 2014. Por meses

	Total Estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	39,24	35,53	37,21	38,57	39,15	40,11	40,88
Febreiro	38,90	35,13	36,98	38,24	38,78	39,73	40,53
Marzo	38,65	34,83	36,68	38,01	38,70	39,62	40,31
Abril	36,05	33,14	34,26	35,32	35,92	36,90	37,74
Maio	35,61	32,94	33,91	34,97	35,56	36,42	37,07
Xuño	35,37	32,54	33,53	34,70	35,30	36,16	36,89
Xullo	33,72	30,90	31,83	33,01	33,65	34,42	35,31
Agosto	33,73	30,77	31,76	33,08	33,72	34,49	35,25
Setembro	33,64	30,64	31,70	32,97	33,56	34,32	35,17
Outubro	32,24	29,26	30,15	31,48	32,03	33,01	33,85
Novembro	32,10	29,13	30,13	31,37	31,90	32,93	33,53
Decembro	31,95	28,95	29,92	31,28	31,71	32,80	33,34

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ ano

Estrato 2: entre 100.001 e 200.000 kg

Estrato 3: entre 200.001 e 300.000 kg

Estrato 4: entre 300.001 e 400.000 kg

Estrato 5: entre 400.001 e 700.000 kg

Estrato 6: maior de 700.001 kg de leite/ ano

- No promedio das explotacións de vacún de Galicia baixou o prezo do leite un 18,6% de xaneiro a decembro de 2014.

- Os menores prezos percibíronos os propietarios das explotacións gandeiras máis pequenas; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2014 un prezo que superou en 1,39 céntimos/litro ao promedio (31,95 céntimos), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo quedou tres céntimos por baixo desa media.
- No estrato superior e máis nos dous inferiores, a diminución do prezo rexistrouse nos doce meses; nos outros tres estratos baixou once meses e subiu moi lixeiramente en agosto.
- O prezo de venda do litro en decembro de 2014 quedou nos dous estratos máis pequenos por baixo do custo de produción (estimado en 0,30 euros/litro).

Ampliando a visión diacrónica, sobrancearemos que en 2014 rachouse co proceso de suba do prezo do leite do segundo semestre de 2012 e o ano 2013, que á súa vez rematou cos baixos prezos do trienio que foi do segundo semestre de 2009 ao fin do primeiro semestre de 2012.

Dada a forte dependencia das explotacións gandeiras de Galicia do prezo percibido polo leite de vaca, a caída dos prezos (que continúa nos primeiros meses de 2015) produciu o peche de moitas explotacións, pola falla do rendibilidade. A liberalización do mercado no primeiro cuadrimestre de 2015, no que se eliminarán as cotas lácteas despois de 29 anos de vixencia, introduce unha nova incógnita para o futuro do noso subsector gandeiro.

A campaña láctea 2014-2015, que comezou o día 1 de abril de 2014 e remata o 31 de marzo de 2015, será a última de vixencia do sistema de cotas, creado en 1984 para o control da produción láctea; desde 2008 aprobouse unha suba gradual do volume das cotas, para procurar acadar unha aterraxe suave” no novo escenario da liberalización do mercado.

Como están os prezos do leite de vaca noutros Estados da UE? Seremos competitivos no mercado mundial? O Informe publicado o 11 de decembro de 2014 co título: *Milk market situation* proporciona os prezos do leite en outubro dese ano nos 28 Estados que compoñen a Unión Europea; o abano abrangue entre os 0,23 e 0,57 euros, cun prezo medio na UE-28 de 0,35 euros; o de España: 0,33 euros.

Para as persoas interesadas en afondar neste asunto, presentamos información no cadro 1.18 a desagregación por tamaños das explotacións lácteas de Galicia e máis a composición interna do prezo do leite de vaca (prezo base e diversas primas) para o último ano do que tivemos datos polo miúdo ao peche deste Informe.

Cadro 1.18

Prezo do leite (1) declarado polos compradores. Por tamaño das explotacións. Galicia, 2013

Cota láctea (2) kg/ano	Prezo	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 ≤100.000	TOTAL	29,68	29,65	29,83	29,98	30,12	30,15	30,98	31,10	31,78	34,09	34,71	34,87
	Prezo Base	28,87	28,86	29,07	29,22	29,42	29,50	30,87	31,23	31,74	33,84	34,01	34,11
	Total primas	0,81	0,79	0,76	0,76	0,70	0,64	0,11	-0,12	0,03	0,25	0,70	0,76
Estrato 2 100.001- 200.000	TOTAL	31,14	31,14	31,14	31,37	31,45	31,52	32,63	32,68	33,69	36,59	37,07	37,41
	Prezo Base	29,29	29,24	29,26	29,75	29,89	30,06	31,41	31,58	32,32	34,72	34,88	34,92
	Total primas	1,85	1,89	1,87	1,62	1,56	1,46	1,22	1,10	1,37	1,87	2,19	2,49
Estrato 3 200.001- 300.000	TOTAL	32,67	32,76	32,87	33,09	33,35	33,43	34,63	35,37	35,94	38,73	39,43	35,59
	Prezo Base	29,56	29,78	30,01	30,29	30,30	30,51	31,71	31,73	32,33	34,92	35,10	35,26
	Total primas	3,10	2,97	2,86	2,80	3,05	2,92	2,92	3,64	3,61	3,81	4,34	4,33
Estrato 4 300.001- 400.000	TOTAL	33,71	33,82	33,98	34,03	34,19	34,14	34,88	36,00	36,30	39,28	39,97	40,38
	Prezo Base	30,49	30,54	30,92	30,89	31,05	31,16	32,18	32,34	32,61	34,80	34,90	34,95
	Total primas	3,22	3,28	3,06	3,14	3,14	2,98	2,70	3,66	3,69	4,48	5,06	5,42
Estrato 5 400.001- 700.000	TOTAL	33,65	33,65	33,74	33,94	34,04	33,99	35,63	36,12	36,81	40,09	40,11	40,51
	Prezo Base	30,62	30,68	30,84	30,94	31,00	31,11	32,49	32,54	32,74	35,40	35,39	35,53
	Total primas	3,03	2,97	2,91	3,00	3,03	2,88	3,14	3,58	4,07	4,68	4,72	4,99
Estrato 6 >700.001	TOTAL	33,92	33,83	34,12	31,33	34,37	34,19	36,23	36,77	37,25	40,63	40,96	41,19
	Prezo Base	30,86	30,90	31,11	31,15	31,24	31,34	32,52	32,60	32,76	35,44	35,44	35,46
	Total primas	3,07	2,94	3,01	3,18	3,14	2,85	3,72	4,17	4,48	5,19	5,52	5,73

Prezo ponderado dos 6 estratos	TOTAL	32,44	32,45	32,57	32,76	32,89	32,88	34,17	34,64	35,30	38,26	38,71	38,98
	Prezo Base	29,92	29,97	30,15	30,36	30,46	30,59	31,86	31,99	32,43	34,89	34,99	38,08
	Total primas	2,52	2,48	2,42	2,41	2,43	2,29	2,30	2,65	2,87	3,37	3,72	3,90
	Materia grasa	0,22	0,19	0,15	0,12	0,11	0,04	-0,09	-0,03	0,10	0,16	0,25	0,32
	Materia proteica	0,22	0,23	0,24	0,25	0,22	0,07	-0,10	-0,03	0,13	0,23	0,40	0,52
	Bacterioloxía	0,02	0,01	0,04	0,04	0,03	0,03	0,02	0,01	0,03	0,02	0,03	-0,02
	Células somáticas	0,02	0,02	0,01	0,03	0,03	0,02	0,02	-0,01	-0,02	-0,04	-0,01	-0,02
	Outras primas	2,04	2,03	1,98	1,97	2,04	2,08	2,46	2,71	2,63	3,00	3,04	3,10

(1) Prezo en euros por 100 litros de leite, sen iva

(2) Cota láctea, en kilos de leite por ano

Fonte: Consellería do Medio Rural. Observatorio do sector lácteo

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

A *produtividade* é o cociente entre o valor da produción e o dos recursos (humanos e materiais) utilizados para obtela; xa que logo, mide o valor da produción xerada por cada unidade monetaria de custo dos factores produtivos utilizados. É un factor determinante do desenvolvemento económico dun país; en palabras do premio Nobel Paul Krugman: “A produtividade non o é todo, pero, a longo prazo, é case todo”.

A mellora da produtividade do traballo é unha esixencia para conseguir unha maior competitividade empresarial, necesidade cada vez máis evidente nun mercado globalizado; a maior formación dos traballadores, o investimento en capital humano, en I+D+i, a boa organización empresarial, a redución

do absentismo laboral ou a obtención de recursos financeiros con baixo custo son, entre outros factores, sólidos piares nos que asentar unhas empresas con maior produtividade.

Centrémonos, por exemplo, no último dos factores; pola fragmentación do mercado financeiro da Unión Europea abriuse un enorme diferencial entre os custos financeiros das empresas (especialmente das de menor tamaño) nos distintos Estados; nos máis afectados pola crise, coma o grego, o portugués, o irlandés, e en menor medida o español, as empresas, especialmente as pequenas, están a pagar un importante diferencial nos cretos (cando os conseguen).

Non funcionou axeitadamente a cadea de transmisión da política monetaria, de xeito que o progresivo abaratamento dos tipos de xuro dos préstamos do BCE á Banca non tivo o efecto desexado nos Estados máis “tocados” pola crise económica, pois moitas entidades financeiras destinaron gran parte dese diñeiro (obtido a moi baixo custo) a outros fins, como a compra de Débeda ou reforzamento dos seus recursos propios. Estrangulouse, así, o mecanismo de transmisión dos fluxos monetarios ás empresas e, cando circulou, chegoulle ás pymes de Galicia (e do conxunto de España) cuns custos financeiros altos.

A análise desde unha perspectiva integral dos factores condicionantes da produtividade do traballo reborda en moito o obxectivo deste epígrafe; noutros apartados deste *Informe Sociolaboral* focalizamos varias desas variables, cando estudamos, por exemplo, o baixo investimento na formación bruta de capital (capítulo 1), en I+D+i (capítulo 2) ou en formación (capítulo 10), e a precariedade laboral (abuso da contratación temporal e da rotación laboral, baixos salarios, etc.) que atranca a mellora da produtividade por varias vías: acouta a destreza no traballo, sube a sinistralidade laboral e non motivan axeitadamente á poboación asalariada para a consecución dos obxectivos empresariais.

A *produtividade aparente do traballo*, é o cociente entre o valor engadido bruto (en adiante: VEB) e o *emprego equivalente a tempo completo* que o xerou. Analizarémola cos datos do último quinquenio no que o IGE publicou os datos nas *Contas Económicas de Galicia: 2008 – 2012*, recollidos no cadro 1.19, do que sobrancearemos:

Cadro 1.19

Valor engadido bruto e produtividade. Galicia. 2008-2012 (1)

	2008	2009	2010	2011	2012
Produtividade aparente do traballo (VEB/Postos de traballo equivalentes a tempo completo)	46.570	48.096	49.487	50.834	51.816
Produtividade : VEB/Horas efectivas (euros)	23,90	25,00	25,50	25,80	26,00
Producción/Postos de traballo	95.419	91.961	92.934	95.241	96.053
Producción/Horas efectivas	54,60	53,60	53,80	54,70	54,90
Remuneración dos asalariados/Horas efectivas	15,30	16,10	16,40	16,40	16,30
Soldos e salarios/Horas efectivas	11,90	12,50	12,80	12,70	12,60
Variación interanual do VEB (%)	5,00	-2,30	-0,80	-1,20	-3,20

(1) Os datos dos anos 2011 e 2012 son provisionais

Fonte: Contas económicas de Galicia. Base 2008

- A *produtividade aparente do traballo* subiu todos os anos desde o comezo da grave crise que aínda andamos a sufrir; de 2008 a 2012 o crecemento foi de 5.246 euros por posto de traballo (un 11,3%).
- Alén análises triunfalistas dese crecemento da produtividade, desafortunadamente, o estudo das causas reflicte que foi debido a que foi maior a caída do denominador (ocupación a tempo completo) ca do numerador (VEB); a fila da variación do VEB indica que baixou sempre no cuadrienio 2008 – 2012, cun abano que abrangue dunha diminución mínima en 2010 (-0,8%) a unha máxima en 2012, último ano estudado, que a cuadriplica (-3,2%).

Esa vía cara a mellora da produtividade non é a que necesita un país que queira avanzar no seu desenvolvemento económico-social; é unha “vía morta”. Cómpre, para acadar unhas altas taxas de crecemento do PIB, coller a vía do incremento da produtividade por persoa xerada por unha suba do VEB maior que a do emprego, así como incrementar a *taxa de ocupación* (porcentaxe das persoas en idade de traballar que teñen emprego).

A suba do emprego cun crecemento do VEB por riba del é o camiño a recorrer para que o incremento da produtividade sexa o socialmente necesario, o que xerando emprego cree riqueza, por exemplo co maior investimento en capital humano, en I+D+i ou coa redución dos custos financeiros.

En cambio, a suba da *produtividade aparente do traballo* acadada desde o comezo da crise, ao abeiro da destrución de postos de traballo e do abaratamento dos salarios dos que conservan o emprego leva ao estancamento económico, porque non potencia a suba dos ingresos das persoas asalariadas, non se reanima o consumo dos fogares e a demanda interna segue a afondar a recesión.

O forte impacto da crise económica que comezou no outono de 2008 ocasionou que as intensas destrucións de emprego en Galicia e no total español, maiores en valor absoluto que as baixadas do VEB, ocasionaran a suba da *produtividade aparente do traballo*.

Un bo exemplo é a evolución en España desde o 2008 ata o 2013 do cociente de PIB e emprego a *produtividade aparente do traballo*, que podemos ollar no cadro 1.20: explicita que nun período de grave crise económica (2008 a 2013) creceron os índices de produtividade nos dous ámbitos territoriais; a suba acumulada foi do dobre en Galicia (9,7 puntos porcentuais) que no promedio estatal (4,9 puntos).

Cadro 1.20

Índices de produtividade. Galicia e España. 2008-2014

	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	100,0	103,8	105,9	105,8	107,1	109,7
España	100,0	102,9	103,0	102,5	103,4	104,9

Fonte: INE

Ese cadro reflicte a correlación inversa que existe entre a evolución do emprego e da *produtividade aparente do traballo* no último sexenio en Galicia e España; salientaremos outros datos proporcionados polo INE que ofrecen interese para o estudo da produtividade:

- A produtividade de Galicia foi en 2013 de 60.580 euros por cada traballador/a, mentres que a media de España estivo un 7,2% por riba.
- Subiu en Galicia en 2.250 euros respecto ao ano anterior (un 3,9%) e no promedio estatal, un 4,2%.
- A *produtividade aparente do traballo* en Galicia en 2013 foi un 93,3% da media estatal.

A visión diacrónica arrequécese se ampliamos o período de observación: no cadro 1.21 estendémolo para a economía española nos anos percorridos do século XXI e comprobamos que as maiores porcentaxes de crecemento da produtividade por ocupado/a déronse precisamente non cinco únicos anos en que non subiu o PIB e baixou o emprego (2009-2013).

Cadro 1.21

PIB, emprego e produtividade. España. 2001-2014

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
PIB (1)	4,0	2,9	3,2	3,2	3,7	4,2	3,8	1,1	-3,6	0,0	-0,6	-2,1	-1,2	1,4
Emprego (*)	3,5	2,5	2,9	2,8	3,6	3,7	3,2	0,2	-6,1	-2,6	-2,6	-4,4	-3,3	1,2
Produtividade por ocupado	0,5	0,4	0,3	0,3	0,1	0,5	0,5	0,9	2,5	2,7	2,0	2,5	2,1	0,2

(1) Dato provisional para os anos 2010 e 2011. Avance para os anos 2012, 2013 e 2014

(*) Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Todos os datos son en medias anuais

Fonte: INE. Contabilidade Nacional trimestral Base 2010; Nivel, Calidade e condicións de vida

No estudo axeitado da produtividade de traballo dunha sociedade, cómpre botar unha ollada sectorial, para coñecer a *fenda de produtividade* entre os sectores produtivos ou mesmo, nunha análise máis polo miúdo, entre as ramas de actividade.

Esta perspectiva, aplicada para Galicia e España no ano 2013 reflicte que:

- Por sectores, as *produtividades aparentes do traballo* de Galicia están por baixo das medias estatais na industria, a construción e os servizos, mentres que está por riba no sector primario.
- A produtividade sectorial máis alta en Galicia en 2013 foi a da construción, seguida da industria; a máis baixa, a do sector primario (que con 34.580 euros por persoa quedou no 57,1% da produtividade media da nosa comunidade). Os servizos quedaron nun posto intermedio.

Dando un paso máis na desagregación no estudo da produtividade, chegamos á focalización por ramas de actividade, que computaremos co VEB por hora efectiva de traballo obtido en cada unha das seleccionadas. O cadro 1.22 recólleas para un bo número de actividades no último ano do que o IGE proporcionaba datos no momento de pechar a elaboración deste Informe.

Destacaremos que por ramas de actividade, a agro – gandeira - cinexética (R01 do cadro) presenta unha produtividade das máis baixas (8,9 euros por hora efectiva); só foi menor nas ramas recollidas neste cadro nos apartados de servizos R95 e R96, que son respectivamente: “reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico” e “outros servizos persoais” (R45).

O *Foro Económico Mundial* elabora periodicamente unha clasificación mundial por *competitividade*; a última situou a España no posto 36 (de 144 Estados), moi por debaixo do posto que ocupa por PIB.

Na elaboración destes estudos avalíanse múltiples factores, como o déficit público, a dificultade no acceso ao creto, o nivel educativo da poboación, a regulación dos mercados interiores, o nivel das infraestruturas, a capacidade de innovación empresarial, a eficiencia no funcionamento da burocracia ou as prácticas de corrupción.

Produtividade por ramas de actividade. Galicia. 2012

		euros (1)
A	Agricultura, gandería, selvicultura e pesca	11,2
	R01 Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	8,9
	R02 Silvicultura e explotación forestal	22,5
	R03 Pesca	16,9
B	Industrias extractivas	19,6
C	Industria manufactureira	26,0
	R10A Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	16,7
	R10B Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	26,0
	R10C Fabricación de produtos lácteos	45,3
	R11 Fabricación de bebidas	46,5
	R13 Industria téxtil	15,9
	R16 Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	19,4
	R19 Coquerías e refino de petróleo	215,2
	R24 Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	60,1
	R27 Fabricación de material e equipamento eléctrico	35,9
	R29 Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	36,9
	R31 Fabricación de mobles	17,5
D	Subministro de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	580,9
E	Subministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	29,4
F	Construción	36,8
G	Comercio e reparación de vehículos	17,2
H	Transporte e almacenamento	19,1
I	Hostalería	22,0
J	Información e comunicacións	45,1
K	Actividades financeiras e de seguros	54,1
	R64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	52,5
	R65 Seguros, reaseguros e fondos de pensións	91,3
L	Actividades inmobiliarias	391,8
M	Actividades profesionais, científicas e técnicas	18,9
	R69_70 Actividades xurídicas e de contabilidade, de consultoría e de xestión empresarial	15,5
	R71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análise técnica	22,4
	R73 Publicidade e estudos de mercado	9,8
	R74 Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias de mercado	27,9
N	Actividades administrativas e servizos auxiliares	14,9
	R77 Actividades de alugueiro	28,0
	R79 Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos	24,5
O	Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	29,6
P	Educación	28,3
	R85M Educación de mercado	21,8
	R85NM Educación de non mercado	31,2
Q	Actividades sanitarias e de servizos sociais	24,0
	R86_88M Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	21,3
	R86_88NM Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	26,0
R	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	33,0
S	Outros servizos	10,5
	R95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	7,4
	R96 Outros servizos persoais	8,7
T	Actividades dos fogares como empregadores de personal doméstico	9,2
	TOTAL	26,0

(1) En valor engadido bruto por cada hora efectiva
 Fonte: Contas económicas de Galicia. Base 2008. IGE
 Os datos son provisionais

Un dos puntos fortes da economía española que sobrancea este informe é o nivel das infraestruturas, que sitúa ao noso Estado na décima posición, ben lonxe do posto na globalidade das variables analizadas.

Outra fortaleza que destaca en España este informe á a alta taxa de persoas matriculadas en estudos universitarios, que en principio é unha panca fundamental na que apoiar un novo modelo produtivo, máis eficiente que o baseado na construción e o turismo como piares básicos. As persoas con bo nivel de cualificación permiten darlle pulo a actividades empresariais que xeren un maior valor engadido, pero a realidade actual reflicte que se estraga boa parte dese potencial produtivo, porque moitas persoas teñen que emigrar a outros Estados e xerar alí a riqueza que non crearon no seu territorio de saída.

1.3.3. Benestar económico-social. Taxas de pobreza e suba da desigualdade

O PIB ou a súa variante por persoa, obviamente, non é unha variable axeitada para a medición do grao de desenvolvemento económico-social dunha sociedade. Un só exemplo: se soben os accidentes de tráfico nun país, subirá o PIB polo crecemento do valor da produción en diversas ramas produtivas, posto que da pé a un incremento da facturación de actividades económicas vencelladas ao uso de grúas, talleres de reparación de coches, hospitais...e mesmo funerarias. Ocorrerase a alguén darlle pulo á siniestralidade nas estradas para que suba o PIB?

Cómpre, pois, desacralizar o PIB e non atribuírlle un significado que non ten; débense elaborar outros indicadores que se acheguen máis á medición do benestar económico-social dun país, poñamos por caso o IDH (Índice de desenvolvemento humano) que a ONU proporciona cada ano; nel, aparte do PIB por habitante, computan aspectos vencellados cos niveis da educación e a sanidade de cada Estado. Mentres, botaremos man de algunhas variables que nos dan conta das condicións de vida (como as dificultades económicas dos fogares) e da desigualdade económica (como as taxas de pobreza).

1.3.3.1 Condicións de vida: ingresos por persoa; dificultades económicas dos fogares

Na última Enquisa de Condicións de Vida (do 26 de maio de 2015) cos datos de 2014, e para algunhas variables de 2013, o INE estimou en 26.154 euros os ingresos medios anuais netos en España. A análise desagregada por comunidades (e cidades) autónomas podemos facela ao fío do cadro 1.23, do que sobrancearemos:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia están case no nivel do promedio español (156 euros por baixo, un 1,5% menos).
- As comunidades cos maiores niveis *per capita* foron País Vasco, Navarra e Madrid.
- Pola contra, os menores tivéronos en Extremadura, Murcia e Andalucía.

Cadro 1.23

Clasificación das CC.AA. de maior a menor ingreso medio anual neto por persoa

	Euros
País Vasco	14.281
Navarra	13.221
Madrid	12.597
Cataluña	12.205
Aragón	12.307
Asturias	11.251
Rioxa (A)	11.120
Baleares	10.660
Castela e León	10.406
España	10.391
Galicia	10.235
Cantabria	9.824
Valencia	9.144
Castela a Mancha	8.545
Canarias	8.302
Andalucía	8.079
Murcia	7.767
Extremadura	7.729
Ceuta	8.712
Melilla	11.619

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2014)

A mesma operación estatística do INE (ECV-2014) estimou para cada comunidade (ou cidade) autónoma as dificultades económicas dos fogares en 2014, cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.24

Salientaremos o seguinte:

- Un 55,1% dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións alomenos unha semana ao ano fóra da súa casa (10 puntos porcentuais máis que o promedio estatal); só tres comunidades (Murcia, Andalucía e Canarias) e a cidade autónoma de Ceuta tiveron unha porcentaxe de fogares maior. As menores porcentaxes rexistráronas as comunidades que encabezaron a clasificación por ingresos anuais netos per capita (Navarra, País Vasco e Madrid).
- Un 38,6% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (3,8 puntos porcentuais menos que a media española); as maiores porcentaxes tivéronas as mesmas comunidades que no apartado anterior, anque en distinta orde (agora Canarias, Andalucía e Murcia) e a cidade autónoma de Ceuta. As porcentaxes máis baixas foron as de Navarra, País Vasco e Asturias.
- Un 7,6% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos vencellados á súa vivenda principal (2,6 puntos porcentuais por baixo do promedio español); a cidade autónoma de Ceuta e as comunidades

de Baleares, Canarias e Valenciana tiveron unha porcentaxe de fogares maior. As menores porcentaxes rexistráronas Castela – León,, País Vasco e Cantabria)

- Un 20,8% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (4,7 puntos porcentuais por riba do promedio español); a cidade autónoma de Ceuta e as comunidades de Andalucía e Murcia foron as únicas cunha porcentaxe de fogares maior, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas Navarra, Asturias e Aragón.

Cadro 1.24

Dificultades económicas dos fogares. Por CC.AA. 2014

	Non pode permitirse ir de vacacións fora da casa a lo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	59,5	58,3	13,5	24,3
Aragón	34,5	29,8	7,2	9,8
Asturias	32,4	25,6	6,9	4,6
Baleares	43,6	39,8	18,1	14,7
Canarias	57,9	68,0	16,0	19,5
Cantabria	52,6	32,6	4,6	15,2
Castela León	40,8	28,7	3,2	12,1
Castela a Mancha	46,3	34,8	9,8	15,9
Cataluña	40,8	40,2	9,1	12,2
C. Valenciana	51,1	47,9	15,5	18,0
Extremadura	53,7	40,4	6,1	19,6
Galicia	55,1	38,6	7,6	20,8
Madrid	28,9	37,1	8,1	12,4
Murcia	61,5	55,6	13,9	22,7
Navarra	21,4	17,5	5,0	4,2
País Vasco	24,6	20,5	4,4	11,5
Rioxa (A)	33,2	32,2	6,7	12,9
Ceuta	59,5	65,5	29,1	32,9
Melilla	37,1	49,4	14,0	12,9
España	45,0	42,4	10,2	16,1

Datos en porcentaxe dos fogares

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2014)

1.3.3.2 O risco de pobreza: suba da desigualdade

Xa no capítulo 1 nos referimos a un Informe na OCDE no que sobranceou a forte suba da desigualdade persoal desde a crise que comezou no outono de 2008. Ese Informe, publicado en maio de 2015 (pero con datos ata 2011), certifica que o 10% máis rico da poboación ingresaba en 2011 no conxunto da OCDE 9,6 veces máis (era sete veces hai tres décadas) que o 10% máis pobre da poboación.

Pois ben, ese Informe salientou tamén que no ano 2011 en España o 10% máis rico da poboación ingresou 13,8 veces máis (era 8,4 veces en 2007) que o 10% máis pobre da poboación; as tres

comunidades con maior desigualdade na distribución persoal da renda foron Castela – A Mancha, Estremadura e Andalucía.

Unhas 2,8 millóns de persoas (800.000 máis que en 2009) estaban en 2011 en situación de *pobreza severa* en España, ingresando as que viven soas menos de 4.057 euros ao ano. Os sectores sociais que están a sufrir máis esta situación son as mulleres e a mocidade; só un dato, ilustrativo de abondo: un de cada tres mozos/as de idade entre 16 e 29 anos estaban en 2011 en España en risco de exclusión social.

Unha fonte estatística da que botar man para coñecer a distribución persoal da renda en España máis alá de 2011 (ano no que remataban os datos do estudo da OCDE) é a Enquisa de Condicións de Vida que cada ano elabora o INE. En maio de 2015 publicou a última (ECV-2014), que no tocante aos ingresos remata cos datos de 2013. Recollemos no cadro 1.25 a estimación do INE sobre a evolución no período 2009-2013 dos ingresos medios por fogar en España.

Cadro 1.25

**Evolución dos ingresos medios anuais por fogar.
España. 2009-2013**

	2009	2010	2011	2012	2013
España	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154

Datos en euros

Fonte: INE (ECV - 2014)

Subliñaremos dúas cousas:

- Os ingresos medios anuais dos fogares de España baixaron todos os anos analizados. No último ano diminuíron un 2,3%.
- De 2009 a 2013 os ingresos medios por fogar anuais reducíronse en 3.480 euros (un 11,7%)... e no conxunto dese cuadrienio, por suposto, o custo da vida medrou, e fíxoo nas porcentaxes que poden ver as persoas interesadas noutro epígrafe (o do IPC) deste mesmo capítulo.

De acordo cos criterios establecidos por Eurostat, o limiar de risco de pobreza nunha sociedade establécese no 60% da *mediana* dos ingresos por unidade de consumo das persoas.

O concepto estatístico de *mediana* defínese como o valor que, unha vez ordenadas todas as persoas de menor a maior ingreso, deixa unha metade das persoas por riba e outra por baixo; xa que logo, o seu valor vai estar en función da renda e de como se distribúa entre a poboación.

En España, o INE proporcionou como último dato o do ano 2014, pero puntualizando que corresponde aos ingresos de 2013. O limiar de risco de pobreza para unha persoa cuantificouno en 2014 en 7.961 euros (153 euros por baixo que no ano anterior, un 11,9%); no caso dun fogar integrado por dúas persoas adultas e dúas menores de 14 anos, o limiar fíxouno en 16.719 euros (321 euros por baixo do ano anterior, un 1,9%).

No cadro 1.26 presentamos a evolución da poboación en risco de pobreza en España de 2009 a 2013 para o total da poboación e para a menor de 16 anos. Salientaremos dúas cousas:

- Na poboación total, despois da práctica estabilización do cuadrenio 2009-2012, en 2013 tivo unha suba importante (1,8 puntos porcentuais).
- Na poboación menor de 16 anos as taxas son especialmente altas; despois da diminución cada ano no cuadrenio 2009-2012, en 2013 tivo unha suba moi forte (3,4 puntos porcentuais) que fixo que acadara a maior porcentaxe do quinquenio analizado.

Cadro 1.26

Porcentaxe de poboación en risco de pobreza. España, 2009-2013

	2009	2010	2011	2012	2013
Total de poboación	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2
Poboación de menos de 16 anos	28,8	27,2	26,9	26,7	30,1

Fonte: INE (ECV - 2014)

No cadro 1.27 presentamos as comunidades (e cidades) autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza. Destacaremos que Galicia está moi por baixo do promedio estatal (6,8 puntos porcentuais) e hai só tres comunidades cunha taxa de pobreza máis baixa (País Vasco, Navarra e Madrid, as tres que vimos antes que tiñan os maiores ingresos medios anuais por habitante).

Cadro 1.27

Clasificación das CC.AA. de maior a menor taxa de risco de pobreza. 2014 (1)

País Vasco	10,2
Navarra	11,9
Madrid	14,7
Galicia	15,4
Cataluña	15,8
Rioxa (A)	16,2
Melilla	19,2
Asturias	16,7
Aragón	16,9
Baleares	17,9
Castela e León	20,4
Cantabria	20,6
España	22,2
Valencia	26,2
Canarias	27,6
Castela a Mancha	28,4
Estremadura	33,1
Andalucía	33,3
Murcia	37,2
Ceuta	44,3

(1) Datos en porcentaxe, a partir dos ingresos do ano 2013

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV - 2014)

No outro extremo, a cidade autónoma de Ceuta e as comunidades de Murcia, Andalucía e Estremadura rexistraron as maiores taxas de pobreza.

Un Informe da Consellería de Benestar da Xunta de Galicia estima que en 2013 había máis de 63.000 fogares con poboación infantil en risco de pobreza en Galicia; unha da cada catro familias nas que hai menores, xa que logo, non deron cuberto ese ano as súas necesidades básicas pola falla dos recursos.

Cadro 1.28

Pobreza infantil. Carencia material. Por provincias. 2013

	% ⁽¹⁾
A Coruña	18,34
Lugo	13,18
Ourense	19,05
Pontevedra	21,12

(1) Porcentaxe dos hogares galegos con poboación infantil

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Benestar

Anque o empeoramento no último quinquenio foi moi claro, a taxa media de UE-27 é aínda maior e tan só catro comunidades autónomas teñen unha menor *taxa de risco da pobreza*: Navarra, País Vasco,

Cantabria e Madrid. Das doce comunidades nas que é maior esa taxa que a galega, os maiores valores téñeno Estremadura, Castela -A Mancha e Andalucía.

Se nos centramos no grao máis avanzado de medición do nivel de pobreza infantil (o de *carencia material grave*) ese Informe computa alomenos 18.000 fogares dos que contan con poboación infantil (un 7,4% do total). Ourense (8,2%) e Pontevedra (8%) teñen as maiores taxas, mentres que as menores son as de A Coruña (6,7%) e Lugo (7,4%).

Cadro 1.29

Pobreza infantil. Carencia material grave. Por provincias. 2013

	% ⁽¹⁾
A Coruña	6,69
Lugo	7,40
Ourense	8,16
Pontevedra	8,02

(1) Porcentaxe dos hogares galegos con poboación infantil

Fonte: Xunta de Galicia, Consellería de Benestar

En xuño de 2015 a *Obra Social de La Caixa* presentou un Informe (cos datos de 2012) segundo o cal España é, despois de Romanía, o Estado de maior taxa de pobreza relativa de 30 Estados de Europa analizados (entre eles todos os da UE).

Este Informe incorpora un seguimento a varias familias durante catro anos e conclúe que “un de cada dez nenos/as españois, aproximadamente uns 840.000, atópanse en estado permanente de pobreza”.

A taxa de pobreza de pobreza relativa infantil en España, que no ano 2005 era dun 24%, subiu en 2012 ao 30%, na que foi a maior suba nese período despois da de Grecia (pasou dun 20 a un 27% nese septenio).

Cadro 1.30

Taxas de pobreza infantil relativa en 30 estados de Europa (*). 2005-2012

	2005	2012
Rumanía	33	35
Polonia	29	22
Lituania	27	20
Portugal	24	22
Italia	24	26
España	24	30
Reino Unido	23	18
Irlanda	23	18
Letonia	22	24
Estonia	21	17
UE (27 países)	20	21
Luxemburgo	20	23
Hungría	20	23
Grecia	20	27
Croacia	20	23
Eslovaquia	19	21
Rep. Checa	18	14
Bélxica	18	17
Bulgaria	18	28
Malta	17	23
Países Baixos	15	13
Austria	15	18
Francia	14	19
Chipre	13	14
Eslovenia	12	14
Alemania	12	15
Suecia	10	15
Islandia	10	10
Finlandia	10	11
Dinamarca	10	10
Noruega	9	8

(*) Clasificados de maior a menor porcentaxe no ano 2005
 Fonte: Obra social de "La Caixa"

Este Informe chama a atención tamén sobre os grupos de idade de maior perigo de padecer risco de pobreza: os que teñen entre 14 e 17 anos, abano de idade no que tres de cada dez adolescentes en España vivían en 2012 por baixo do limiar da pobreza.

Os grupos sociais con maior risco de pobreza son os menores que viven nun fogar cos dous proxenitores desempregados (cun 69% de probabilidade de pobreza), as familias numerosas (as de catro ou máis descendentes a probabilidade é dun 60%) e os fillos de persoas de fóra de Europa (50,4% de probabilidade de pobreza).

Queremos sobrancear un dato deste Informe moi vencellado coa situación do mercado de traballo: un de cada catro menores pobres en 2012 ten ambos proxenitores desempregados. En España, os datos

da EPA do cuarto trimestre de 2014 reflicten que había 1.766.300 fogares con todas as súas persoas activas en situación de desemprego (deles, 88.400 en Galicia).

Como se estuda no capítulo 4 deste Informe (pode ollarse no cadro 4,41) en 2014 había 99.400 persoas que levaban dous anos ou máis buscando traballo, e 49.600 de 1 ano a menos de 2 anos. Estas 149.000 persoas desempregadas de longa duración son, sen dúbida, un “caldo de cultivo” moi axeitado para que medren as taxas de pobreza.

Un dato do citado Informe de *La Caixa* que causa arrepío, por canto a política social da UE non inclúa unha medida como esta dentro da “armonización” que en moitos outros terreos existe: “Cunha axuda de 1.000 euros anuais por cada menor conseguiríase sacar da pobreza a 400.000 nenos/as”; poñen o exemplo de Noruega, Estado no que existe esta transferencia de renda ás familias economicamente máis necesitadas de xeito universal: ten no ano 2012 un 8% de taxa de pobreza, a menor dos 30 Estados analizados nese Informe.

1.4 PARTICIPACIÓN DOS SALARIOS NO VEB. CUSTOS LABORAIS E CUSTOS SALARIAIS.

Vemos neste mesmo capítulo que o sector do comercio internacional de Galicia perdeu no ano 2014 gran parte do dinamismo que viña amosando, polo que é fundamental para a nosa recuperación económica que a demanda interna tome o relevo, despois de anos de caída e un 2014 con peor comportamento que no promedio estatal.

Dado que a maior parte dos ingresos dos fogares dependen dos salarios, é imprescindible rachar coa tendencia descendente que comezou coa gran recesión de 2009, para que se reavive o consumo dos fogares, compoñente clave da demanda interior galega.

Comezaremos analizando, a nivel macroeconómico, o peso dos salarios no PIB de Galicia, España e a Unión Europea, para despois focalizar estatísticas de custos salarial e máis a evolución do salario mínimo interprofesional.

1.4.1. Peso relativo das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE.

Na análise do PIB dunha sociedade pola vía das rendas, a remuneración da poboación asalariada é un compoñente clave, que ao remate do século XX supoñía ao redor dun 50% do PIB en España e máis no promedio da Unión Europea.

A remuneración da poboación asalariada cuantifica que parte do valor engadido bruto xerado por unha economía se destinada a remunerar o factor traballo, incluíndo os pagos en efectivo ou en especie.

A evolución da porcentaxe do PIB de remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2013 en Galicia, España e UE recollémola no cadro 1.31. Destacaremos tres aspectos:

- A proporción dos salarios no PIB de Galicia acadou en 2013 o punto máis baixo dos catorce anos analizados (44,5%) e en 2009 o máximo (48%).


- O peso relativo das remuneracións salariais no PIB de España tamén acadou en 2009 o punto máis alto (50,1%) do período estudado e en 2013 o valor mínimo (45,5%).
- As rendas salariais no PIB da Unión Europea mantiveron unha tendencia de estabilidade na serie estudada; tan só oscilaron 2,1 puntos porcentuais entre o nivel máis alto (50,2%, acadado en 2001 e 2009) e o máis baixo (48,1%, en 2007), mentres que esa diferenza foi de 3,5 puntos en Galicia e de 4,6 en España).

Cadro 1.31

Porcentaxe da remuneración da poboación asalariada no PIB. Galicia, España e UE 28. 200-2013

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013
Galicia	46,8	46,3	46,2	46,2	45,5	45,4	45,7	46,3	47,0	48,0	46,9	46,4	45,1	44,5
España	49,6	49,2	48,8	48,4	47,8	47,5	47,3	47,9	49,4	50,1	49,2	48,8	46,9	45,5
UE 28	50,0	50,2	50,0	49,7	49,2	48,9	48,5	48,1	48,8	50,2	49,4	49,1	49,5	49,3

Fonte: IGE



1.4.2 Custos laborais e salariais. Xornada laboral

A *Enquisa Trimestral de Custo Laboral* é unha estatística elaborada polo INE, que forma parte dos euroindicadores que EUROSTAT solicitou aos Estados da área euro co obxectivo de medir a potencial converxencia dos custos laborais entre eles; unha das súas aplicacións é permitir actualizar anualmente a *Enquisa de Custo Laboral* que se realiza cuadrienalmente nos Estados da UE.

Enténdese por *custo laboral* o custo total que ten o empregador/a pola utilización do factor traballo (inclúe o salarial e outros custos).

O *custo salarial* defínese como o conxunto de remuneracións brutas (en efectivo ou en especie) realizadas ás persoas traballadoras por conta allea.

O cadro 1.32 recolle os custos laborais no último septenio en Galicia desde unha dobre perspectiva: por traballador/a e mes e por hora efectiva de traballo.

Respecto do custo laboral por traballador/a e mes, destacaremos que:

Cadro 1.32

Custos laborais. Galicia. 2008-2014

Período	Custo laboral por traballador e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var. (*)	Euros	% var. (*)
2008	2.124,3	3,6	15,6	4,1
2009	2.199,7	3,5	16,4	4,9
2010	2.251,3	2,3	16,8	2,4
2011	2.265,3	0,6	17,1	1,6
2012	2.206,3	-2,6	16,8	-1,9
2013	2.363,5	4,8	18,3	4,1
2014	2.378,7	0,6	18,0	-1,7

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral e Xunta de Galicia, Observatorio de economía galega

(*) Sobre cuarto trimestre do ano anterior

- En Galicia subiu en 2014 un 0,6%, mentres que no conxunto de España baixou un 0,5%. Quedou fixado en Galicia no cuarto trimestre en 2.379 euros, por baixo do promedio español (2.639). Os 260 euros de diferenza supoñen un 11% máis para a media estatal que en Galicia.

- O maior custo laboral por traballador/a e mes foi, un ano máis, o do País Vasco (3.122 euros), seguido de Madrid (3.089) e Navarra (2.838), mentres que Canarias (2.195), Extremadura (2.205) e C. Valenciana (2.327 euros) pecharon a clasificación.

- As comunidades autónomas de maior suba porcentual en 2014 foron Cantabria (4%), Baleares (3,7%) e Navarra (1,9%); pecharon a clasificación Castela-León (-3%) , Cataluña (- 2,3%) e C. Valenciana (-2,1%).

No tocante ao *custo laboral por hora efectiva traballada* en Galicia,

- En Galicia baixou en 2014 un 1,7%, fíxoo por riba do promedio español (-1,2%) e quedou fixado no cuarto trimestre en 18 euros, por baixo da media estatal (20,3). Os 2,3 euros de diferenza por hora efectiva supoñen un 12,8% máis para o conxunto de España que para Galicia.

- O maior custo laboral por hora efectiva foi, un ano máis, o do País Vasco (24,8 euros), seguido de Madrid (22,8) e Navarra (22,2), mentres que Canarias (16,9), Extremadura (17,6) e Galicia (18 euros) pecharon a clasificación.

No cadro 1.33 presentamos os custos salariais no último septenio en Galicia desde unha dobre verquente: por traballador/a e mes e máis por hora efectiva traballada. Respecto do primeiro, destacaremos que:

* En Galicia, baixaron en 2014 os dous custos salariais analizados: *por traballador/a e mes* (-0,5%) e *por hora efectiva de traballo* (-2,8%); no promedio español tamén diminuíron, pero menos: un 0,2 e un 0,8% respectivamente.

* No cuarto trimestre de 2013 o *custo salarial por traballador/a e mes* quedou en Galicia en 1.769 euros; o promedio estatal foi de 1.991,8 euros, 222,8 euros máis (un 12,6% máis que o galego). O máis alto seguiu a ser o de País Vasco (2.393,4 euros), 624,4 euros (un 35,43%) por riba do galego.

* A comunidade autónoma de maior suba porcentual da variable analizada no último ano foi Baleares (3,4%) e pechou a clasificación, como no ano anterior, Cataluña (diminución dun 2,5%).

No tocante ao *custo salarial por hora efectiva traballada*, no cuarto trimestre de 2014 quedou en Galicia en 13,4 euros, despois de baixar o último ano un 2,8% (máis do triplo que no promedio estatal: -0,8%); encabeza a clasificación por comunidades autónomas País Vasco (19 euros/hora) e péchaa Canarias (12,6).

Cadro 1.33

Custos salariais. Galicia. 2008-2014

Período	Custo salarial por traballador e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var.(*)	Euros	% var.(*)
2008	1.561,0	3,8	11,5	4,2
2009	1.615,0	3,5	12,1	4,8
2010	1.663,2	3,0	12,4	3,0
2011	1.669,7	0,4	12,6	1,4
2012	1.618,1	-3,1	12,3	-2,3
2013	1.778,2	6,3	13,8	5,6
2014	1.769,0	-0,5	13,4	-2,8

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega e INE, Enquisa trimestral de custo laboral

(*) Sobre o cuarto trimestre do ano anterior

No cadro 1.34 presentamos a xornada laboral por traballador e mes de Galicia e España no cuarto trimestre de 2014, desde unha tripla verquente: total dos traballadores, os que traballan a tempo completo (cada vez menos) e os que o fan a tempo parcial (cada vez máis).

Cadro 1.34

Xornada laboral. Galicia. 2008-2014

Período	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores	Tempo completo	Tempo parcial
2008	156,4	169,5	83,4
2009	156,0	169,4	83,4
2010	155,7	169,5	84,7
2011	154,5	169,8	84,7
2012	153,3	169,6	85,3
2013	152,1	169,1	87,0
2014	152,1	169,1	88,2

Fonte: Xunta de Galicia. Consellería de Facenda. Observatorio de economía galega

Respecto do total de persoas que traballan, destacaremos que Galicia segue a estar no cuarto trimestre de 2014 por riba do promedio español nos tres aspectos analizados: horas pactadas e horas efectivas de traballo (só por detrás de Madrid, nos dous casos) e horas non traballadas (oitava comunidade)

Presentamos neste mesmo cadro a desagregación entre a poboación asalariada a tempo completo e que o fixo a tempo parcial para facilitarlle afondar no tema ás persoas interesadas.

1.4.3 Custo salarial anual (Bruto e Neto)

A partir dun cuestionario anexo ao da *Enquisa Anual de Custo Laboral* que se inclúe no segundo trimestre do ano seguinte ao de referencia dos datos, o INE recolle os datos que lle permiten integrar nas estatísticas de custos laborais uns compoñentes do custo con vencemento superior ao mes, como os de formación ou das prestacións sociais directas que fan as empresas. Non inclúe esta estatística ás persoas asalariadas da agricultura, gandería ou pesca nin ás persoas empregadas nun fogar.

Dado que o INE non presenta esta operación estatística ata xullo de 2015 (despois de pecharse a elaboración deste Informe), presentamos no cadro 1.35 os datos do custo laboral neto en Galicia e en España no ano 2013, así como a súa desagregación entre: custo salarial e non salariais.

O *custo laboral neto* resulta de deducirle ao *custo laboral bruto* as deducións fiscais e as subvención de organismos laborais (como ás cotizacións á Seguridade Social, á contratación ou á formación profesional). Recolle, polo tanto, o custo laboral real para un empregador da utilización do factor traballo, e inclúe os salarios, ás cotizacións obrigatorias á Seguridade Social por parte do empregador, as achegas pagadas polas empresas para mellorar as prestacións da S.S. ou para cubrir as non contempladas nel (moitas veces acordadas nun convenio colectivo) e outros custos (como indemnizacións por despedimento, gastos en formación profesional, indemnizacións por fin de contrato, gastos de viaxe e dietas, etc).

Cadro 1.35

Custo laboral neto. Galicia/España. 2013

	Custo neto	% variación	Salarios	% variación	Custos non salariais	% variación
Galicia	27.099,36	2,2	19.883,74	2,3	7.215,62	2,0
España	30.686,71	0,1	22.653,55	0,1	8.033,16	0,0

Custos e salarios en euros

Fonte: INE. Enquisa anual de custo laboral 2013

No ano 2013 Galicia ocupou, con 27.099 euros anuais de custo laboral neto por traballador, a antepenúltima posición (só por diante de Canarias e Extremadura), moi lonxe da media española (30.687 euros).

No tocante á variación en 2013 deste custo laboral neto por persoa asalariada, Galicia foi a comunidade autónoma na que máis subiu (un 2,2%), seguida de País Vasco (1,7%) e Aragón (1,5%) mentres que as maiores diminucións tiveron Extremadura e Castela – León (ambas cun 2,2%), nun ano no que o promedio estatal subiu un 0,1%.

A desagregación do custo laboral neto entre dous compoñentes (salarios e custos non salariais) reflicte que:

Nos salarios Galicia ocupa, con 19.884 euros anuais, a antepenúltima posición en 2013 (só por diante de Canarias e Extremadura) e moi lonxe da media española (22.654 euros).

Galicia foi en 2013 a comunidade autónoma na que máis subiu o custo salarial (2,3%), seguida de A Rioxa (1,9%) e País Vasco (1,5%) mentres que as maiores diminucións tiveron Extremadura (-3,5%) e Castela – León (-1,9%), nun ano no que o promedio estatal subiu un 0,1%.

Se focalizamos os custos non salariais, Galicia ocupa en 2013 (con 7.216 euros anuais) a cuarta posición en menor importe (só en Extremadura, Canarias e Murcia están por baixo). A media estatal é de 8.033 euros e as comunidades nas que son maiores son País Vasco, Madrid e Cataluña.

A variación en 2013 dos custos non salariais por traballador reflicte que Galicia foi a terceira comunidade autónoma na que máis subiu (un 2%), só por baixo de Aragón e País Vasco (1,5%) mentres que as diminucións máis intensas tiveron Castela – A Mancha e Cantabria), nun ano no que o promedio estatal mantívose estable.

No cadro 1.36 poñemos ao dispor das persoas interesadas en afondar no estudo dos salarios os custos laborais brutos en Galicia e en España en 2013, así como a desagregación nos diversos compoñentes.

Cadro 1.36

Custo laboral bruto. Galicia/España. 2013

	Custo bruto	Sueldo	Cotizacións obrigatorias	Cotizacións voluntarias	Prestacións sociais directas	Outros(*)	Subvencións e deducións
Galicia	27.257,35	19.883,74	6.338,73	121,20	187,95	725,73	157,99
España	30.844,49	22.653,55	6.897,15	188,47	228,22	877,10	157,78

Custos e salarios en euros

Fonte: INE. Enquisa anual de custo laboral 2013

(*) Inclúe gastos de carácter social, indemnizacións por despido e por fin de contrato, roupa de traballo e outros gastos

1.4.4. O salario mínimo interprofesional

O salario mínimo interprofesional a día 1 de xaneiro de 2015 é de 648,6 euros/mes. Despois do importante crecemento medio do SMI no cuadrienio 2006-2009, a súa suba desde entón foi moi pequena (ou non subiu, como en 2012 e 2014) e a súa cuantía actual en España é ao redor da metade do establecido en Estados socios da Eurozona como Francia, Gran Bretaña, Bélxica, Irlanda ou Holanda.

Cadro 1.37

**Salario mínimo
interprofesional. España e
outros Estados da UE. 2014**

	Euros/mes
Luxemburgo	1.921
Bélxica	1.502
Países Baixos	1.486
Irlanda	1.462
Francia	1.445
Gran Bretaña	1.217
Eslovenia	789
España	753(*)
Grecia	684
Portugal	566
Polonia	387
Letonia	320

(*) Inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias

Fonte: INE, EUROSTAT


O ínfimo incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%) que se pode ver no cadro 1.38 explicita que os custos da crise están a ser pagados, en parte, polas persoas que perciben uns ingresos salariais menores, que ademais deberon afeitar tamén coa suba do IVE e outros impostos indirectos (como os impostos *especiais*), que encareceron notablemente a súa compra de bens e servizos.

Cadro 1.38

Salario mínimo interprofesional

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
€/día	20,00	20,80	21,11	21,38	21,38	21,51	21,51	21,62
€/mes	600,00	624,00	633,30	641,40	641,40	645,30	645,30	648,60
Incremento sobre o salario anterior	5,15	4,00	1,50	1,30	0,00	0,60	0,00	0,50

Fonte: Ministerio de Empleo e Seguridade Social



En Galicia (e en España, en xeral) o SMI é tan só un 45% en relación co “salario máis frecuente”, mentres que esta porcentaxe sube a un 62% en Francia e a un 68% en Portugal, os Estados socios da UE que limitan xeográfica con España.

O número de persoas que non superan o SMI dobrouse en España na última década: pasou dun 6% a un 12%; a maioría son mulleres.

A suba do SMI é un dos factores que podería incidir na recuperación do consumo dos fogares (e, xa que logo, da demanda interna galega e máis española), dada a maior propensión marxinal ao consumo dos fogares de menor renda; podería ser unha achega para a saída da economía de ambos territorios da UVI da recesión.e, ademais, facer que fose menos desigual o reparto da riqueza xerada.

1.5 A VARIACIÓN DO IPC

No cadro 1.39 recollemos a evolución na última década das taxas de inflación de Galicia e España. En 2014 baixou un 1% en ambas comunidades, reflectindo a debilidade na demanda nos dous ámbitos territoriais; foron as únicas variacións interanuais do IPC (de decembro dun ano sobre decembro do anterior) negativas do período analizado.

A posibilidade dunha futura *deflación* figura xa na axenda do Banco Central Europeo, que puxo en marcha medidas de expansión cuantitativa da cantidade de diñeiro en circulación como medida preventiva dunha potencial diminución permanente do índice de prezos de consumo.

Cadro 1.39

Porcentaxe de variación do IPC⁽¹⁾. Galicia/España. 2005-2014

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	3,7	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0
España	3,7	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0

(1) De decembro a decembro

Fonte: INE, IPC

A análise desagregada territorialmente da variación do IPC en 2014 reflicte que baixou en todas as comunidades autónomas, e fíxoo con maiores porcentaxes en Castela- A Mancha (-1,5%), Cantabria e Murcia (ambas cun -1,3%) mentres que as menores tivérona as dúas cidades autónomas (-0,5 e -0,6%) e Cataluña (-0,7%).

A inflación subxacente (a que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados) baixou en 2014 en Galicia un 0,1% e quedou estable na media estatal, e as dúas cun nivel que lembra a dun ano de intensa recesión (2.009), como se ve no cadro 1.40.

Cadro 1.40

Inflación subxacente. Galicia e España. 2009-2014

IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	0,2	1,4	1,8	1,6	0,5	-0,1
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0

Taxas de variacións interanuais en %

Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.41 ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación no último sexenio en Galicia. Obsérvase nel que en 2014:

- Diminuíron os prezos en sete grupos de gasto, con especial intensidade no de comunicacións (-5,7 %, despois do -6,6% no ano 2013).
- Subiu lixeiramente o IPC en cinco grupos de gasto e só no ensino chegou ao 1%.

Cadro 1.41

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2008-2014

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,4	-2,0	0,5	2,5	2,5	1,5	0,1
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	3,8	11,3	13,9	2,7	5,8	5,0	-0,4
3. Vestido e calzado	0,6	-0,9	0,5	3,7	0,3	0,1	0,4
4. Vivenda	4,9	0,8	7,3	0,3	6,4	0,4	-0,9
5. Enxoval	3,1	1,0	0,7	7,0	1,2	0,5	-1,3
6. Medicina	0,1	-0,7	-0,1	1,6	11,1	1,6	-0,2
7. Transporte	-5,6	4,1	9,1	-2,3	2,1	1,1	-4,2
8. Comunicacións	-0,3	-0,3	-0,7	4,6	-2,8	-6,6	-5,7
9. Ocio e cultura	-0,4	-0,6	-0,9	-1,6	0,7	-0,7	-1,8
10. Ensino	4,5	2,6	2,1	0,6	4,0	1,6	1,0
11. Hoteis, cafés e restaurantes	4,7	1,8	2,1	3,2	1,4	0,5	0,5
12. Outros	3,4	1,9	2,5	1,6	3,6	-0,1	0,7
VARIACIÓN XERAL DO IPC	1,2	0,9	3,1	2,0	2,6	0,5	-1,0

Taxas de variación interanuais en %

Fonte: INE.

1.6 COMERCIO EXTERIOR.

Ao estudar o *comercio exterior español* é evidente que nos estamos a referir ás transaccións con orixe ou destino alén do territorio do noso Estado. Menos claro resulta o concepto de *comercio exterior galego*, xa que podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes :

Primeira: ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (*total do comercio exterior galego*).

Segunda: tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español); adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; chamáremoslle *comercio internacional de Galicia*.

Terceira: á outra parte do total do comercio exterior galego: as transacción de Galicia coas outras comunidades (e cidades) autónomas do Estado español; chamáremoslle *comercio galego intraestatal*.

Estudar todas as transaccións de Galicia fóra do noso territorio ou só as realizadas co estranxeiro pode implicar unha importante modificación no valor dos indicadores cos que se avalían estas relacións comerciais (saldo comercial, taxa de cobertura, etc.); o superávit de Galicia nas súas relacións co estranxeiro dáse tamén nas compravendas coas outras comunidades autónomas

1.6.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadara en 2013 o récord na historia da economía galega (con 18.762 millóns de euros); en 2014 baixou a 17.829.

O importe en 2014 das importacións/introducións do estranxeiro por Galicia foi moito menor que o das vendas ao estranxeiro: 14.540 millóns de euros; tiveron unha lixeira diminución respecto do ano anterior.

Poñendo nunha balanza os importes das exportacións/expedicións e o das importacións/introducións, Galicia tivo en 2014 un saldo comercial con superávit, neste ano por un importe de 3.289 millóns de euros.

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou por riba do valor 100, que é o que corresponde ao equilibrio da balanza comercial. En 2014 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 122%, ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro “cubriu” o importe das importacións e acadou ademais un 22% de ingresos.

A participación relativa de Galicia no importe total español das exportacións/expedicións e das importacións/introducións co estranxeiro desde 2008 certifica que o primeiro supuxo unha porcentaxe que se moveu entre un 7,5 e un 8,7%, bastante por riba do noso peso demográfico ou en PIB no Estado español.

No tocante ao peso relativo de Galicia no global español das compras a outros Estados, a porcentaxe desde 2008 estivo no abano: 5,4 - 6,4%, máis parello á participación relativa demográfica ou produtiva de Galicia.

A desagregación provincial das importacións/introducións e das exportacións/introducións de Galicia desde o estranxeiro no bienio 2013-2014 está recollida no cadro 1.42.

A provincia de A Coruña volveu a ser en 2014 a primeira polo importe das súas compras a outros Estados; seguiuille, moi preto, Pontevedra, trala forte suba súa en 2014 e a importante diminución de A Coruña.

O importe conxunto das compras ao estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2014 os 13.300 millóns de euros (un 91,5% do total galego).

A desagregación provincial das exportacións de Galicia ao estranxeiro en 2014 queda recollida no cadro 1.42; subliñaremos que:

- A provincia de A Coruña, anque por unha pequena diferenza, ocupou en 2013 o primeiro posto, pero en 2014 recuperou Pontevedra esa posición, precisamente a provincia galega que foi o auténtico motor de explosión das exportacións galegas ao estranxeiro durante moitos anos

- O importe conxunto en 2014 das vendas a outros Estados destas dúas provincias foi en 2014 de 16.048 millóns de euros, un 90% do global galego.

- A porcentaxe do valor conxunto das exportacións de Lugo e Ourense foi en 2014 dun 10%, reflectindo a dualidade estrutural do comercio internacional galego: a Galicia occidental, cun grao elevado de apertura comercial co estranxeiro, e a Galicia oriental, na que estas operacións mercantís son moi pouco relevantes cuantitativamente (a novena parte que nas outras dúas provincias).

Cadro 1.42

Comercio galego internacional. Por provincias. 2013-2014

	Exportacións/expedicións		Importacións/introducións	
	2013	2014 (*)	2013	2014 (*)
TOTAL BENS				
A Coruña	8.495.520,2	7.717.088,5	7.657.573,5	6.887.056,6
Lugo	1.087.334,2	954.715,1	1.078.351,8	823.426,6
Ourense	741.526,2	826.275,9	390.427,4	415.537,7
Pontevedra	8.438.000,3	8.330.591,1	5.544.613,4	6.414.105,5
Galicia	18.762.380,8	17.828.670,5	14.670.966,1	14.540.126,3
Bens de consumo				
A Coruña	4.742.079,1	4.912.613,1	1.880.749,7	1.877.833,1
Lugo	134.607,5	170.730,1	117.180,7	106.289,9
Ourense	313.776,8	303.699,3	155.999,0	152.286,8
Pontevedra	4.613.503,4	4.443.795,9	1.656.773,1	2.479.879,6
Galicia	9.803.966,8	9.830.838,4	3.810.702,6	4.616.289,5
Bens intermedios				
A Coruña	3.557.614,3	2.636.240,9	5.682.552,7	4.878.604,3
Lugo	894.337,0	558.774,6	922.481,2	633.801,9
Ourense	390.685,7	480.121,2	216.517,3	241.671,6
Pontevedra	2.259.252,7	2.237.848,8	3.720.473,0	3.685.934,2
Galicia	7.101.889,6	5.912.985,4	10.542.024,1	944.011,9
Bens de capital				
A Coruña	195.826,8	168.234,5	94.271,2	130.619,2
Lugo	58.389,7	225.210,4	38.689,8	83.334,8
Ourense	37.063,8	37.455,4	17.911,1	21.579,3
Pontevedra	1.565.244,2	1.648.946,4	167.367,3	248.291,6
Galicia	1.856.524,4	2.079.846,7	318.239,4	483.824,9

Datos en miles de euros

(*) Os datos de 2014 son provisionais

Fonte: IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo Departamento de Aduanas da AEAT

Unha das características do comercio exterior galego que xa subliñamos outros anos neste *Informe Sociolaboral* é o seu carácter intraindustrial: importamos moitas materias primas (e bens de equipamento) para producir e exportar produtos elaborados. A notable importancia deste *comercio intraindustrial* reflíctese cun dato: os seis primeiros capítulos arancelarios das exportacións galegas (dos 22 que hai) foron en 2013 tamén os seis primeiros das nosas importacións e conxuntamente acadaron máis dun 75% das compravendas de Galicia co estranxeiro.

As nosas vendas ao estranxeiro en 2013 concentráronse especialmente en tres grupos arancelarios: *Material de transporte*, *Materias téxtiles - confección* e *Animais, peixes e moluscos, leite e ovos*; entre os tres sumaron máis da metade (un 57,4% en 2013) do valor das exportacións de Galicia ao estranxeiro; esta especialización das nosas vendas internacionais, concentrando máis da metade en tres grupos arancelarios, conleva un risco: unha maior vulnerabilidade.

No tocante ás importacións, os grupos arancelarios máis importantes cuantitativamente foron o de *Minerais e combustibles minerais*, *Material de transporte* e *Materias téxtiles e confección*; entre os tres concentran algo máis da metade (un 56,3%, en 2013) do valor das importacións galegas do estranxeiro

No cadro 1.43 presentamos unha visión diacrónica para un período máis longo que o analizado no cadro 1.42, para facilitar o traballo ás persoas interesadas en afondar no estudo do comercio internacional de Galicia e de cada unha das súas provincias no último cuadrienio.

Cadro 1.43

Comercio internacional de Galicia. Por provincias. 2011-2014

	2011	2012	2013	2014
Galicia				
Exportacións/expedicións	17.149.899,5	16.665.762,9	18.762.380,8	17.828.670,5
Importacións/introducións	14.355.176,4	15.035.595,3	14.670.966,1	14.540.126,3
A Coruña				
Exportacións/expedicións	6.885.210,3	8.018.303,4	8.495.520,2	7.717.088,5
Importacións/introducións	7.753.437,9	8.383.484,8	7.657.573,5	6.887.056,6
Lugo				
Exportacións/expedicións	925.700,8	936.163,3	1.087.334,2	954.715,1
Importacións/introducións	975.161,4	1.050.646,5	1.078.351,8	823.426,6
Ourense				
Exportacións/expedicións	643.138,9	698.253,0	741.526,2	826.275,9
Importacións/introducións	453.911,6	442.180,1	390.427,4	415.537,7
Pontevedra				
Exportacións/expedicións	8.695.849,5	7.013.043,1	8.438.000,3	8.330.591,1
Importacións/introducións	5.172.665,6	5.159.283,9	5.544.613,4	6.414.105,5

Datos en miles de euros

(*) Os datos de 2014 son provisionais

Fonte: IGE, a partir dos ficheiros proporcionados pola AEAT

Respecto ao destino das nosas vendas ao estranxeiro no bienio 2013-2014, o cadro 1.44 reflicte o importe das transacción comerciais de Galicia cos Estados de maior peso cuantitativo (Francia, Portugal, Alemaña, Gran Bretaña...) e con varias áreas supranacionais (UE-28, OCDE, OPEP e MERCOSUR).

Comercio internacional de Galicia. Por Estados e Áreas supraestatais. Por provincias. 2013-2014

	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014	2013	2014
Total										
Exportacións/expedicións	18.762.380,8	17.828.670,5	8.495.520,2	7.717.088,5	1.087.334,2	954.715,1	741.526,2	826.275,9	8.438.000,3	8.330.591,1
Importacións/introducións	14.670.966,1	14.540.126,3	7.657.573,5	6.887.056,6	1.078.351,8	823.426,6	390.427,4	415.537,7	5.544.613,4	6.414.105,5
UE 28										
Exportacións/expedicións	12.621.837,3	12.887.775,6	5.288.606,0	5.467.078,7	908.084,0	739.165,4	562.883,1	611.292,0	5.862.264,2	6.070.239,6
Importacións/introducións	7.738.868,3	8.616.106,1	2.559.551,7	2.892.196,8	857.731,7	585.561,3	290.391,0	315.039,7	4.031.193,8	4.823.308,3
Alemania										
Exportacións/expedicións	837.631,7	817.286,7	405.875,0	431.138,1	120.404,1	64.055,5	73.341,2	84.375,1	238.011,4	237.717,9
Importacións/introducións	699.119,9	630.837,3	165.832,4	201.223,2	173.549,5	124.096,4	22.155,1	36.594,4	337.582,9	268.923,4
Francia										
Exportacións/expedicións	4.600.420,5	4.892.038,0	884.301,4	874.876,7	211.657,8	225.808,5	120.809,4	153.357,9	3.383.651,9	3.637.997,8
Importacións/introducións	2.361.749,7	3.247.882,6	346.124,1	337.428,6	165.541,9	168.980,7	45.290,9	40.083,9	1.804.792,8	2.701.389,5
Portugal										
Exportacións/expedicións	2.408.193,1	2.454.848,1	1.123.021,5	1.131.822,5	120.463,8	115.746,6	195.032,5	181.039,6	969.675,3	1.026.239,3
Importacións/introducións	1.784.874,4	1.870.060,6	909.682,6	980.674,9	52.994,8	46.216,6	120.554,8	111.551,1	701.642,3	731.618,0
Reino Unido										
Exportacións/expedicións	924.659,2	847.515,2	630.178,4	593.097,9	53.822,5	50.701,6	60.340,5	72.247,6	180.317,7	131.468,2
Importacións/introducións	638.988,9	675.557,7	337.614,6	487.686,3	66.823,5	23.210,8	4.681,0	6.755,4	229.869,8	157.905,2
Estados Unidos										
Exportacións/expedicións	443.763,0	567.665,7	316.058,7	395.682,1	26.768,4	39.330,5	18.745,8	23.417,4	82.190,1	109.235,8
Importacións/introducións	215.030,3	314.526,4	135.802,2	215.932,6	17.117,9	23.946,4	2.156,4	1.543,3	59.953,8	73.104,0
China										
Exportacións/expedicións	168.362,6	178.282,0	58.881,2	74.888,1	3.036,0	1.045,5	5.193,1	7.994,3	101.252,4	94.354,0
Importacións/introducións	560.698,3	576.287,7	281.377,7	253.084,9	38.952,0	38.984,9	55.654,5	56.754,8	184.714,0	227.463,0
Marrocos										
Exportacións/expedicións	457.705,2	513.960,3	346.845,0	376.492,7	2.525,3	3.465,7	5.306,7	7.692,2	103.028,2	126.309,6
Importacións/introducións	346.932,9	298.061,6	227.109,5	176.006,6	19.488,1	22.216,5	10.894,5	11.782,6	89.440,8	88.055,9
OCDE										
Exportacións/expedicións	14.755.720,0	14.485.249,7	6.470.731,0	5.992.159,4	1.024.903,8	888.044,6	633.840,3	693.115,4	6.626.244,9	6.911.930,3
Importacións/introducións	9.635.829,5	10.352.419,6	4.203.453,0	4.380.415,1	881.057,7	611.279,8	297.214,1	326.077,3	4.254.104,6	5.034.647,4
OPEP										
Exportacións/expedicións	985.492,3	650.411,8	517.195,4	382.994,0	3.843,4	4.951,8	47.246,3	53.257,8	417.207,2	209.208,2
Importacións/introducións	1.483.124,4	834.297,6	1.364.940,7	738.241,4	552,6	631,7	2.941,3	4.560,9	114.689,8	90.863,6
MERCOSUR										
Exportacións/expedicións	688.735,5	564.902,7	164.388,2	127.462,2	1.222,1	1.780,3	14.973,8	12.484,6	508.151,5	423.175,5
Importacións/introducións	454.168,8	392.238,3	216.870,1	193.895,5	1.622,3	2.738,1	3.368,4	2.313,9	232.326,0	193.290,8

Datos en miles de euros

(*) Os datos de 2014 son provisionais

Fonte: IGE, a partir dos ficheiros proporcionados pola AEAT

1.6.2. Comercio galego coas outras comunidades autónomas.

Para o estudo do comercio de Galicia coas outras comunidades autónomas, tomaremos os datos de **C-intereg**, proxecto que naceu precisamente co obxectivo de analizar o comercio interautonómico e crear unha base de datos dos fluxos de bens e servizos entre as comunidades que a Constitución española nomea como nacionalidades e rexións do Estado.

A base de datos **C-intereg** veu cubrir unha das lagoas máis importantes do marco estatístico do Estado español: as relacións comerciais entre as distintas comunidades autónomas; varias comunidades colaboran, como patrocinadoras, neste proxecto, polo que poden coñecer trimestralmente información polo miúdo dos tipos de mercancías obxecto de compravenda e os modos de transporte usados para o desprazamento das mesmas; son: Andalucía, Castela-León, Cataluña, C. Valenciana, Extremadura, Madrid e País Vasco.

Dúas institucións colaboran moi activamente no proxecto **C-intereg**: a AEAT (*Agencia Española de Administración Tributaria*) e o *Instituto de Estudios Turísticos*, e outras dúas subministran unha

importante información de base: a *Subdirección General de Estadísticas del ministerio de Fomento* e máis o *Servicio de Estadísticas de Puertos del Estado*.

O cadro 1.45 reflicte a distribución por comunidades autónomas do comercio intraestatal no ano 2014, de acordo coa estimación realizada por **C-intereg**. Sobrancearemos os seguintes aspectos:

- Galicia vendeulles en 2014 ao resto das comunidades autónomas bens por un importe de 14.622 millóns de euros; tan só cinco estiveron por riba: Cataluña (o triplo de Galicia), Andalucía (case o dobre), C. Valenciana, Castela-León e Castela – A Mancha.

Cadro 1.45

Comercio entre Comunidades Autónomas. España 2014.

	Vendas a outras CC.AA.	Compras a outras CC.AA.	Saldo
Andalucía	27.108	21.629	5.479
Aragón	14.570	21.771	-7.201
Asturias	4.475	5.948	-1.473
Baleares	794	5.453	-4.659
Canarias	6.223	7.820	-1.597
Cantabria	4.009	5.988	-1.979
Castela León	20.572	18.125	2.447
Castela a Mancha	17.375	14.708	2.667
Cataluña	42.265	25.264	17.001
C. Valenciana	20.677	21.941	-1.264
Extremadura	2.884	5.098	-2.214
Galicia	14.622	8.448	6.174
Madrid	13.534	26.693	-13.159
Murcia	9.015	7.668	1.347
Navarra	6.166	5.516	650
País Vasco	12.537	14.074	-1.537
Rioxa (A)	3.529	4.211	-682
España	220.355	220.355	0

(datos en millones de euros)

- Galicia comproulles bens en 2014 ao resto das nacionalidades e rexións por un importe de 8.488 millóns de euros; foi maior este valor en oito comunidades: Madrid e Cataluña (ao redor do triplo de Galicia, ambas as dúas), C. Valenciana, Aragón, Andalucía e Castela-León (máis do dobre as catro), Castela – A Mancha e País Vasco.
- Como resultado da suma alxébrica das vendas e as compras de bens por Galicia ao resto do Estado, Galicia obtivo un superávit neste comercio interrexional en 2014 de 6.174 millóns de euros.
- Só obtivo un superávit maior en 2014 Cataluña (foi de 17.000 millóns de euros, case o triplo do galego) mentres que as comunidades con maior déficit foron Madrid, Aragón e Baleares).

O superávit de Galicia en 2014 nas relacións comerciais co resto do estado español foi maior en 181 millóns de euros que o de 2013 (fora de 5.993 millóns de euros), o que supón unha suba do 3%.

